

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 22 de FEBREIRO de 2013**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 22 de febreiro de 2013, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 1/13 do 25 de xaneiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 601 á nº 2.900 de 2013.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de marzo de 2013.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

4.-Aprobación da prórroga do contrato do plan de pensións.

5.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Aranga para financiar as obras do peche perimetral do campo de fútbol da Posta.

6.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Monfero para financiar as obras de acondicionamento da rede viaria municipal.

7.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Coirós para financiar as obras de mellora da rede viaria en Coirós.

8.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Cee para financiar as obras de posta en funcionamento da Casa da Cultura de Cee, 1ª fase.

9.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras de construción dun foso de remo no edificio de deportes náuticos.

10.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Melide para financiar as obras de adecuación interior da planta baixa do Centro Sociocultural.

11.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello da Capela para financiar as obras de portal de entrada ás Fragas do Eume.

12.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Aranga para financiar as obras de punto de recollida de plásticos agrícolas.

13.-Acordo de achegas entre a Dirección Xeral da Garda Civil e a Deputación provincial para a realización de obras de conservación e reparación de acuartelamentos da Garda Civil na provincia da Coruña.

14.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Sobrado para financiar as obras de acondicionamento de viarios en Porta e Codesoso.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

15.-Aprobación definitiva dos estatutos, designación do representante da Deputación na asociación “Red Española de Turismo Industrial” RETI.

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Comerciantes e empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto, para o Plan de promoción e dinamización do comercio local para a campaña de Nadal 2012.

Comisión de Cooperación e Asistencia a Municipios

17.-Aprobación da 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013.

18.-Aprobación da 4ª fase da anualidade 2012 do Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos.

19.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento do entorno do do centro social de Marrozos” do Concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, co código: 11.2100.0212.0.

20.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Afirmado e acondicionamento da pista Cruceiro de Francos-Ponte de Paradela” do Concello de Teo incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Adicional 1/2012. Código: 12.2101.0318.0.

21.-Informe da Deputación sobre os expedientes de fusión entre os Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

22.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2013, 1ª fase, integrado por 34 proxectos de obras.

23.-Aprobación do proxecto reformado de ensanche e pavimentación con mestura asfáltica en quente en DP 1802 Veiga a Cabana ás Pontes, PK 9+170 a 10+500, 11+500 a 14+900, As Pontes.

24.-Aprobación do Plan de travesías 2013, 1ª fase, que se detalla: terminación de mellora de seguridade viaria DP 3801 Sigüeiro a San Mauro PK 8+040 a 8+900. Oroso.

25.-Modificación do acordo plenario 9 do 28/09/2012 que aprobou o Plan de vías provinciais 2012 segunda fase, integrado por: Complementario nº 1 de mellora de seguridade viaria na DP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos, PK 3+430 ao 4+060 (Abegondo) e Humanización e mellora da seguridade viaria na DP 0103 Carral a Montouto (Rúa Rosalía de Castro) (Carral), por producirse erros materiais.

26.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación da plataforma e mellora do trazado no EP 7103 de Laranga a Olveira por Seráns, PK 0+000 ao PK 6+100, Porto do Son, e aprobación da modificación dos bens e dereitos necesarios para executar as ditas obras, mediante a tramitación do correspondente expediente expropiatorio.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

27.-Racionalización da estrutura, recursos e tempos institucionais de representación e negociación das organizacións sindicais.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

28.-Toma de coñecemento da liquidación do presuposto da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2012.

29.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre de 2012, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

30.-Informe correspondente ao cuarto trimestre de 2012 do cumprimento pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) do artigo catro

da Lei 5/2012, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

31.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello das Pontes, recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

32.-Informe e proposta de acordos sobre a xestión presupostaria do exercicio 2013.

33.-Proposta sobre a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

34.-Dar conta do presuposto do exercicio 2013 do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e dos informes do 1º, 2º e 3º trimestre do exercicio 2012 a que se refire a Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

Actas

35.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo do deputado provincial don Albino Vázquez Aldrey.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o mantemento do Centro de Orientación Familiar (COF) do Centro de Especialidades do Ventorrillo.

-Moción do Grupo Provincial Socialista sobre a reforma da Lei de bases de réxime local prevista polo Goberno Central.

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO
22 DE FEBREIRO DE 2013**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 22 de febreiro de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Non asiste a Sra. Varela Corbelle e o Sr. Vázquez Aldrey.

O Sr. Iglesias Castro entra comezada a sesión, no debate do punto 21.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de pasar á orde do día, temos dous manifestos, un do día 8 de marzo, o Día da Muller traballadora, e outro sobre a Fábrica de Armas, para dar lectura ao primeiro, ao do día 8, Día da Muller traballadora, vai dar lectura ao manifesto acordado entre os tres grupos, Zaira Rodríguez.

Sra. Rodríguez Pérez

Presidente, deputados, é unha manifesto acordado polos grupos políticos que estamos aquí representados, PP, PSOE e BNG.

A Sra. Rodríguez Pérez dá lectura ao manifesto:

MANIFESTO 8 DE MARZO 2013

Un ano máis, e máis ca nunca nesta situación económica e social que estamos vivindo, a Deputación da Coruña conmemora o 8 de marzo, "Día Internacional da Muller" o tradicionalmente tamén denominado "Día da Muller Traballadora", lembrando e apoiando a dura loita das mulleres ao longo dos anos, por acadar en igualdade de condicións as mesmas oportunidades cós homes na participación da vida pública.

É un día para conmemorar o papel e a dignidade das mulleres no proceso de concienciación do seu valor humano. Un día para celebrar a loita constante de reivindicación de dereitos e recoñecemento da participación da muller na construción da sociedade, na inserción no mercado de traballo e na loita pola liberdade de pensamento e de elección.

Paso a paso, aínda que lentamente conséguese alcanzar as maiores cotas de igualdade, tanto a nivel político, legislativo e social na historia do noso país.

A muller actual xa ocupa en gran medida diferentes espazos, pero aínda segue sendo perseguida pola discriminación sobre todo na difícil situación que vivimos, onde recae directamente sobre as mulleres a maioría dos efectos negativos, aumentando os índices de paro feminino, a precariedade no traballo, os contratos a tempo parcial, as diferenzas salariais, a brecha que conduce a un maior índice de desigualdade e vulnerabilidade, en definitiva a unha maior feminización da pobreza.

Desde a Deputación da Coruña queremos expresar o noso recoñecemento e admiración, a todas aquelas mulleres de todo o mundo, que día a día, coa súa

participación na sociedade, demostran que teñen forza, e decisión para loitar por unha igualdade real.

Somos conscientes de que para acadar un modelo social máis igualitario precísase conseguir a incorporación das mulleres a un emprego de calidade nas mesmas condicións, o que esixe en gran parte un reparto máis equilibrado na esfera do privado, tan só co compromiso e a participación masculina así como cunha verdadeira corresponsabilidade entre mulleres e homes, equilibraranse as oportunidades e eliminaranse as desigualdades.

A corresponsabilidade no privado, o apoderamento e a eliminación do teito de cristal que impide a representación feminina nos postos de decisión son algún instrumentos que removen as estruturas sociais condicionadas pola cultural patriarcal.

O cambio é unha responsabilidade de todos e todas, por iso é importante que as administracións públicas poñan en marcha e apoiem políticas públicas que xeren máis benestar social e garantan unha plena participación de mulleres e homes a nivel público e privado desde o social, o familiar e o persoal.

Sr. Presidente

Hai tamén outro manifesto, acerca da Fábrica de Armas da Coruña, ten o Sr. Secretario a palabra.

O Sr. Secretario le a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA RESPECTO Á DEFENSA DA FÁBRICA DE ARMAS DA CORUÑA

Ante o anuncio do peche da Fábrica de Armas da Coruña, realizado de forma unilateral pola Multinacional americana General Dynamics, os grupos políticos que forman parte desta Corporación provincial comunican a súa decisión de:

- 1.Expresar o rexeitamento á decisión de General Dynamics de pechar a Fábrica de Armas da Coruña, unha das máis emblemáticas da cidade, e o apoio ao mantemento da actividade produtiva e o emprego na factoría.
- 2.Manifestar o apoio rotundo e incondicional aos traballadores e traballadoras da factoría coruñesa, un cadro de persoal cunha elevada cualificación e cun demostrado compromiso coa empresa ao longo de toda a súa historia.
- 3.Esixir a General Dynamics o aprazamento inmediato do peche da súa fábrica na Coruña e a apertura de negociación para abordar un plan de viabilidade que garanta a reactivación da actividade produtiva e o mantemento de todos os postos de traballo.
- 4.Solicitar todos os apoios necesarios do tecido social, empresarial e veciñal para defender unidos a permanencia da Fábrica de Armas, porque tanto a empresa como os traballadores teñen un pasado ligado ao desenvolvemento da cidade e un futuro

garantido por un cadro de persoal con capacidade de traballo e talento para desenvolver as tarefas vinculadas ao seu sector, e a cualificación necesaria para diversificar a súa actividade e garantir unha alternativa industrial de futuro.

5.Sumarnos a todas as accións que dende o Comité de Empresa se emprendan para defender os postos de traballo.

6.Solicitar á Xunta de Galicia a súa implicación para lograr o mantemento da actividade produtiva na factoría coruñesa e dar cumprimento ao acordo adoptado por unanimidade de todos os grupos políticos o 22 de novembro de 2005 no Parlamento de Galicia.

a.Demandar ao Goberno español o cumprimento do contrato INI-Defensa co fin de garantir a carga de traballo para todos os centros da empresa Santa Bárbara.

b.Demandar ao Goberno español que garanta o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics na adquisición da empresa nacional Santa Bárbara en todo o relativo ás cargas de traballo, novos contratos e investimentos tecnolóxicos.

c.Demandar do Goberno español que garanta a continuidade da Fábrica de Armas da Coruña e que presente, en colaboración coa Xunta de Galicia, un plan industrial de futuro, sólido e fiable, que asegure a diversificación da produción e a achega de nova carga de traballo e, en todo caso, o mantemento do actual nivel de emprego.

7.Requirir ao Goberno do Estado a súa colaboración na continuidade da actividade en todas as plantas situadas no noso país para lograr o mantemento deste sector estratéxico

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 1/13 DO 25 DE XANEIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 1/13, do 25 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 601 Á Nº 2.900 DE 2013.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 601 á nº 2.900, de 2013.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE MARZO DE 2013.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Saben vostedes que o Pleno do mes que vén coincidiría coa Semana Santa, entón había dúas posibilidades, pola o mércores anterior ou a semana anterior, a proposta

que traíamos era de pasala á semana anterior, o día 22, igual que este mes, e por tanto, en primeiro lugar, se lles parece, ratificamos a inclusión da proposta na orde do día e despois votamos a proposta en si.

Por unanimidade ratifícase a inclusión neste punto na orde do día e apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposta:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a derradeira semana do mes de marzo de 2013 coincide coas festividade da Semana Santa e que, concretamente, tanto a data prefixada para a celebración do Pleno, o venres 29 de marzo, como a inmediata anterior son días festivos,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido na sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao terceiro mes de 2013 celebrarase o día 22 de marzo, venres, a partir das doce horas”.

4.-APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DO PLAN DE PENSÍONS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade coa proposta da Comisión de Control do Plan de Pensións e vistos os informes favorables dos xefes dos Servizos de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e de Patrimonio e Contratación (conformado por Secretaría Xeral) e Intervención, aprobar a prórroga do contrato de servizos consistente na implantación, posta en marcha e xestión dun Plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña cuxo prego foi aprobado pola Corporación en sesión celebrada do Pleno do 25 de outubro de 2002 e adxudicado polo Pleno da Corporación o 30 de decembro de 2002 á entidade xestora “Bia Galicia de seguros y reaseguros S.A.” (agora denominada CXG AVIVA Corporación Caixa Galicia de Seguros y Reaseguros, S. A., CIF: A15140387) e sendo a entidade depositaria NCG BANCO S.A. C.I.F.: A70302039 (anteriormente denominada Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra-NOVACAIXA GALICIA).

A Comisión de depósito e xestión que constitúe o prezo do contrato queda establecida durante o período de prórroga no 0,05% do valor nominal do patrimonio custodiado (a de depósito) e o 0,15% do patrimonio do fondo de pensións para a xestión, quedando o seu aboamento supeditado á súa cuantificación e á previa existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias 0203/221A/127 (Nº operación 220130000279) por importe de 12.000 euros e 0203/221A/137 (Nº operación 220130000279) por importe de 3.000 euros.

O prazo da prórroga (un ano) queda establecido desde o 8 de abril de 2013 ata o 7 de abril de 2014, rexéndose a prórroga polo Prego de cláusulas administrativas aprobado e as correspondentes especificacións técnicas do Plan.

2. Formalizar a prórroga en documento administrativo.”

5.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE ARANGA PARA FINANCIAR AS OBRAS DO PECHE PERIMETRAL DO CAMPO DE FÚTBOL DA POSTA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Aranga para financiar as obras de PECHE PERIMETRAL DO CAMPO DE FUTBOL DA POSTA cunha achega de 32.138,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 40.171,88 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/762.01

ANEXO

Número /2013

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARANGA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA PECHE PERIMETRAL DO CAMPO DE FÚTBOL DA POSTA

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr alcalde presidente do Concello de Aranga, D.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ARANGA ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de ARANGA con CIF P1503000G , para o financiamento da obra de PECHE PERIMETRAL DO CAMPO DE FUTBOL DA POSTA tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Ignacio Pedrosa Pérez.

2- O Concello de ARANGA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de ARANGA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	27.899,08 euros
Gastos xerais 13,00%	3.626,88 euros
Beneficio industrial 6,00 %	1.673,94 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	6.971,98 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	40.171,88 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 32.138,00 euros o que representa unha porcentaxe de 80%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de ARANGA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de ARANGA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de ARANGA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de ARANGA tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á

Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de ARANGA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de ARANGA pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren pólomenos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de ARANGA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de ARANGA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de ARANGA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de ARANGA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de ARANGA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de ARANGA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de ARANGA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das

obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

O Concello de ARANGA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de ARANGA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de ARANGA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de ARANGA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de ARANGA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de ARANGA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da Deputación e o do Concello de ARANGA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARANGA

DIEGO CALVO POUZO”

6.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MONFERO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Monfero para financiar as obras incluídas no proxecto de ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL cunha achega de 90.000,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100%) sobre un orzamento subvencionable de 90.000,05 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/76201.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MONFERO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de MONFERO, D. Benjamín Modesto Rodríguez Abad

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de MONFERO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de MONFERO con CIF P1505100F, para o financiamento da obra de ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Antonio López Panete.

2- O Concello de MONFERO, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de MONFERO, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	_____	62.504,38 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	8.125,57 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	_____	3.750,26 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	_____	15.619,84 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	90.000,05 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 90.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de 100%.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe

crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de MONFERO de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para o devandito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de MONFERO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello de MONFERO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de MONFERO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de MONFERO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de MONFERO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de MONFERO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

1. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de MONFERO na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de MONFERO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro

legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de MONFERO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de MONFERO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de MONFERO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de MONFERO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDO

1. O Concello de MONFERO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de MONFERO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de MONFERO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de MONFERO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá os efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de MONFERO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de MONFERO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes previos da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de MONFERO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación na sesión celebrada

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MONFERO

DIEGO CALVO POUSO

BENJAMIN MODESTO RODRIGUEZ
ABAD”

7.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE COIRÓS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DA REDE VIARIA EN COIRÓS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Coirós para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DA REDE VIARIA DE COIRÓS cunha achega de 69.947,00 euro (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100%) sobre un orzamento subvencionable de 69.947,42 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/76201.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA
MELLORA DA REDE VIARIA DE COIRÓS

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Coirós, D. Francisco Quintela Requeijo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de COIRÓS ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de COIRÓS con CIF P1502700F, para o financiamento da obra de MELLORA DA REDE VIARIA DE COIRÓS tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Juan Carlos Llamazares Diaz.

2.O Concello de COIRÓS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez

rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de COIRÓS, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	_____	48.577,97 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	6.315,14 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	_____	2.914,68 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	_____	12.139,63 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	69.947,42 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 69.947,00 euros o que representa unha porcentaxe do 100%.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de COIRÓS de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe na dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de COIRÓS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello de COIRÓS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de COIRÓS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de COIRÓS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de COIRÓS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de COIRÓS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de COIRÓS na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de COIRÓS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de COIRÓS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de COIRÓS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de COIRÓS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de COIRÓS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de COIRÓS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de COIRÓS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de COIRÓS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de COIRÓS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2.Para o caso de que o Concello de COIRÓS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de COIRÓS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de COIRÓS, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE COIRÓS

DIEGO CALVO POUZO

FRANCISCO QUINTELA REQUEIJO”

8.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CEE PARA FINANCIAR AS OBRAS DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE CEE, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cee para financiar as obras incluídas no proxecto de POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE CEE, 1ª FASE cunha achega de 165.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100%) sobre un orzamento subvencionable de 165.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/169A/76201.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE CEE, 1ª FASE

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sra. alcaldesa-presidenta do Concello de CEE, dona Zaira Rodríguez Pérez.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CEE ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CEE con CIF P1502300E , para o financiamento da obra POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DE CULTURA DE CEE, 1ª FASE, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Jose Carlos Leis Caruncho.

2- O Concello de CEE na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de CEE, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

P. E.M:	_____	114.591,29 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	14.896,87 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	_____	6.875,48 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	_____	28.636,36 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	165.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 165.000 euros o que representa unha porcentaxe do 100%.

2.No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/169A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de CEE de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

6.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de CEE o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de CEE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de CEE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de CEE estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de CEE pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de CEE, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
2. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de CEE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de CEE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

3. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de CEE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de CEE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de CEE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de CEE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de CEE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de CEE poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de CEE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no

que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5.Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CEE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013

2.Para o caso de que o Concello de CEE non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de CEE perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CEE, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE CEE

DIEGO CALVO POUSO

ZAIRA RODRIGUEZ PEREZ “

9.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN FOSO DE REMO NO EDIFICIO DE DEPORTES NÁUTICOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras incluídas no proxecto de CONSTRUCCIÓN DUN FOSO DE REMO NO EDIFICIO DE DEPORTES NÁUTICOS cunha achega de 47.264 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 85,26%) sobre un orzamento subvencionable de 55.436,15 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/76201.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUN FOSO DE REMO NO EDIFICIO DE DEPORTES NÁUTICOS

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello da POBRA DO CARAMIÑAL, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da POBRA DO CARAMIÑAL ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL con CIF P1506800J para o financiamento da obra de CONSTRUCCIÓN DUN FOSO DE REMO NO EDIFICIO DE DEPORTES NÁUTICOS, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por COTA CUATRO ARQUITECTURA E XESTION

2- O Concello da POBRA DO CARAMIÑAL, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	_____	38.500,00 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	5.005,00 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	_____	2.310,00 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	_____	9.621,15 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	55.436,15 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 47.264,00 euros o que representa unha porcentaxe do 85,26%.

2.No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 85,26% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da POBRA DO CARAMIÑAL de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello da POBRA DO CARAMIÑAL o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo

menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56^a das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da POBRA DO CARAMIÑAL pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de POBRA DO CARAMIÑAL, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da POBRA DO CARAMIÑAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da POBRA DO CARAMIÑAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de POBRA DO CARAMIÑAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello da POBRA DO CARAMIÑAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación

dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello da POBRA DO CARAMIÑAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello da POBRA DO CARAMIÑAL queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da POBRA DO CARAMIÑAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRórROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2.Para o caso de que o Concello da POBRA DO CARAMIÑAL non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a

Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello da POBRA DO CARAMIÑAL perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da POBRA DO CARAMIÑAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____do

_____do
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL

DIEGO CALVO POUZO”

10.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MELIDE PARA FINANCIAR AS OBRAS DE ADECUACIÓN INTERIOR DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Melide para financiar as obras incluídas no proxecto de ADECUACIÓN INTERIOR DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL cunha achega de 123.900,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,01%) sobre un orzamento subvencionable de 154.861,25 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/337B/76201.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MELIDE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE ADECUACIÓN INTERIOR DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de MELIDE, Dna.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de MELIDE ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de MELIDE con CIF P1504700D para o financiamento da obra de ADECUACIÓN INTERIOR DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL , tal como aparece definida a mesma no proxecto técnico de execución redactado por JACOBO FERNANDEZ MALDE

2- O Concello de MELIDE, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de MELIDE, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se desagrega co seguinte detalle:

P. E.M:	107.550,00 euros
Gastos xerais 13,00%	13.981,50 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	6.453,00 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	26.876,75 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	154.861,25 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 123.900,00 euros o que representa unha porcentaxe de 80,01%.

2.No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,01% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/337B/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de MELIDE de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de MELIDE o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de MELIDE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de MELIDE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de MELIDE estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de MELIDE pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu directo, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de MELIDE, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de MELIDE na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de MELIDE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello de MELIDE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de MELIDE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de MELIDE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de MELIDE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de MELIDE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de MELIDE poderá ser escollido pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de MELIDE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de MELIDE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2.Para o caso de que o Concello de MELIDE non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de MELIDE perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de MELIDE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A ALCALDESA-PRESIDENTA
DO CONCELLO DE MELIDE

DIEGO CALVO POUZO”

11.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DA CAPELA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE PORTAL DE ENTRADA ÁS FRAGAS DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Capela para financiar as obras incluídas no proxecto de PORTAL DE ENTRADA AS FRAGAS DO EUME cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 34,97%) sobre un orzamento subvencionable de 114.384,79 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/169A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA PORTAL DE ENTRADA ÁS FRAGAS DO EUME

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. alcalde presidente do Concello da CAPELA, D. Manuel Meizoso López

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de A CAPELA ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da CAPELA con CIF P1501800E para o financiamento da obra de PORTAL DE ENTRADA ÁS FRAGAS DO EUME, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por LORENA PARDIÑAS LAMAS, arquitecta.

2.O Concello da CAPELA, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello da CAPELA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	79.439,40 euros
Gastos xerais 13,00%	10.327,12 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.766,36 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	19.851,90 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	114.384,79 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000 euros o que representa unha porcentaxe de 34,97%.

2.No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 34,97% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/169A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello da CAPELA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello da CAPELA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello da CAPELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello da CAPELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello da CAPELA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da CAPELA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello da CAPELA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da CAPELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da CAPELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

.Unha vez rematadas as obras, o Concello da CAPELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da CAPELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da CAPELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da CAPELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello da CAPELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da CAPELA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello da CAPELA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no

que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da CAPELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2013 e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2.Para o caso de que o Concello da CAPELA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello da CAPELA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da Deputación e o do Concello da CAPELA, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por-----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DA CAPELA

DIEGO CALVO POUZO

MANUEL MEIZOSO LOPEZ"

12.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE ARANGA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE PUNTO DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Aranga para financiar as obras incluídas no proxecto de PUNTO DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS cunha achega de 32.691 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 79,99%) sobre un orzamento subvencionable de 40.864,36 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/162A/76201.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARANGA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE PUNTO DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. alcalde -presidente do Concello de ARANGA, D. Alberto Platas Álvarez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ARANGA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de ARANGA con CIF P1500300G para o financiamento da obra de PUNTO DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por ANTONIO LOPEZ PANETE

2.O Concello de ARANGA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de ARANGA, comprométese a destinala a uso público para o que está previsto.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	28.380,00 euros
Gastos xerais 13,00%	3.689,40 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	1.702,80 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	7.092,16 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	40.864,36 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 32.691 euros o que representa unha porcentaxe de 79,99%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,99% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/162A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de ARANGA de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de ARANGA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de ARANGA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de ARANGA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de ARANGA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de ARANGA

pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de ARANGA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de ARANGA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de ARANGA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello de ARANGA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de ARANGA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de ARANGA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de ARANGA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de ARANGA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de ARANGA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de ARANGA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras conlevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do difeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de ARANGA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de ARANGA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de ARANGA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de ARANGA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARANGA

DIEGO CALVO POUSO

ALBERTO PLATAS ALVAREZ"

13.-ACORDO DE ACHEGAS ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE ACUARTELAMENTOS DA GARDA CIVIL NA PROVINCIA DA CORUÑA.

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Agora que está tan de moda definir competencias, e que se está traballando nun proxecto de lei de reforma da Lei de bases de réxime local, hai que definir competencias, entón, cada Administración pública terá que asumir as competencias da súa materia tamén no plano económico, o que non nos parece de recibo é que en cada Pleno a Deputación provincial asuma ou ben competencias de Estado, ou ben competencias da Xunta, en fin, que a Dirección Xeral da Garda Civil e o Ministerio de Interior terán que destinar os fondos suficientes para mellorar os seus

acuartelamentos, por tanto, nós entendemos que debe ser así, e imos votar en contra deste acordo.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, valoramos positivamente a función da Garda Civil, é unha institución que merece o noso apoio e o noso respecto, coñecemos o aprecio que ten e recibe da sociedade. Cada vez que nun pobo, nun concello, se cerra unha casa cuartel da Garda Civil é un problema, porque nos sentimos protexidos pola súa proximidade. Sabemos das deficientes condicións nas que están algunhas destas dependencias, e coñecemos o amplo historial de relacións positivas e favorables entre a Deputación e a Garda Civil, pero a pesar de todas estas circunstancias, non podemos votar favorablemente este convenio. A competencia nuclear da Deputación é a cooperación, a cooperación técnica, económica e xurídica cos concellos da provincia. A construción, conservación e reparación das casas cuarteis da Garda Civil non é unha competencia nin local, nin provincial, é unha competencia do Goberno de España, e é este o que ten que fixar nos Orzamentos Xerais do Estado cales son as súas prioridades e cales son os problemas que quere resolver, por tanto, é unha competencia que ten que abordar o Goberno de España a través dos Orzamentos Xerais do Estado.

Estamos a vivir momentos difíciles, vivimos unha gran crise económica, unha crise social e unha crise institucional, onde moitos concellos non teñen os recursos necesarios para prestar os servizos básicos que a lei lles esixe e que demandan os cidadáns, e reclamamos que os recursos da Deputación provincial se destinen exclusivamente a financiar aos concellos da provincia, e non a financiar á Administración Xeral do Estado. Non podemos votar favorablemente este convenio, aínda que entendemos a necesidade e urxencia destas obras en moitos cuarteis, e estaríamos dispostos a reclamar como Corporación provincial que o Goberno de España dote dos medios necesarios á Garda Civil para acometer estas reformas. Non entendemos tampouco, e cústanos moito entendela, ese compromiso que se establece na cláusula quinta do convenio, polo cal a Deputación asumirá a contratación, execución e o pago das obras, así como a tramitación dos permisos, licenzas e autorizacións que sexan precisas, e mesmo a dirección de obra. Isto é algo inédito na Deputación, cargar aos funcionarios da Deputación cuns labores que non son os seus, cando na propia casa, nesta Deputación, constatamos demoras e atraso na xestión dos propios compromisos.

Sr. Presidente, entendemos que a Deputación ten outras obrigacións e hai outras necesidades na provincia que si son competencias desta Deputación e a elas deberíamos de destinar os recursos escasos dos que dispomos.

Por tanto, o noso voto non pode ser máis que non, aínda que recoñecemos o labor da Garda Civil, e aínda que recoñecemos a necesidade destas obras, pero entendemos que nun momento en que hai dificultades económicas, nun momento en que os cidadáns lle están pedindo ás institucións que cada un atenda os seus compromisos, as súas responsabilidades, as súas obrigacións, non é razoable, nin lóxico, nin pertinente, que financiemos nós o Goberno de España.

Sr. Ruiz Rivas

Bos días a todos, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados. A verdade é que a min me gustaría que no resto dos puntos da orde do día tivesen esa mesma postura de respecto á autonomía municipal, de respecto ás competencias. Espero que este mesmo mantemento que fan dos seus principios, ou de como debe ser a actuación da Deputación sexan quen de mantelo en todo o que é o devir destes sucesivos Plenos. E dígoo porque eu creo que esta Deputación, como outras moitas entidades locais, chegou a acordos para defender determinadas competencias ou ámbitos de actuación desta Deputación, que tan só de lado podían entenderse que entran dentro das competencias desta, estou a falar, por exemplo, do que se aprobou con respecto ás revisións do catastro, ou das competencias ou non que poderían ter unha Deputación sobre pazos ou colexios, ou fogares, ou outro tipo de competencias ou actuacións que ten a Deputación, que se é así é precisamente porque todos os que están aquí, ou aquí estiveron, entenderon que era un compromiso que debía a Deputación adoptar para que estes servizos se puidesen prestar á cidadanía da provincia en mellores condicións. Isto é o mesmo que se pretende. En primeiro lugar, dicir que o acordo que dá pé á cuantificación foi xa tomado no ano 2012, co cal podemos dicir que este debate que hoxe se repite está un pouco reseso, e tamén estarían resesas as explicacións que vai dar este portavoz, por canto vostedes saben precisamente o importante que é a implantación nos núcleos rurais do que é a Garda Civil, o que é a necesidade para eses núcleos rurais de seguir contando cunha Garda Civil que é unha garda de proximidade, e que o feito de que as súas casas cuartel non estivesen nas condicións debidas podería afastar precisamente á cidadanía da provincia dos servizos que presta a Garda Civil. Iso, sen contar que moitos dos lugares onde se sitúa, onde reside precisamente ese corpo de seguridade, como é a Garda Civil, son inmobles municipais.

Por tanto, creo que neste caso está máis que xustificada esta achega provincial, que o que tenta é fixar no territorio a un elemento indispensable da súa seguridade para que non haxa ningún tipo de tentación de afastalo precisamente destes núcleos rurais, axudar a eses inmobles que en moitos dos casos son propiedades municipais, e sobre todo axudar tamén ao que son os labores da propia Garda Civil, dos seus membros, para que se tome en mellores condicións os seus medios e calidade de vida, esas son as razóns polas que o noso Grupo vai votar a favor desta achega provincial, porque pensamos que está máis que xustificada a axuda que neste caso se vai a dar a través dese convenio ou acordo coa Garda Civil. Grazas.

Sr. Regueira Varela

Dáme a sensación de que se a Deputación non asume este acordo, estas achegas, o Estado pode darse a circunstancia de que retiren un corpo de seguridade esencial no medio rural galego, eu creo que o Estado ten que asumir eses gastos, o que non se pode dicir aquí é que se a Deputación non fai achegas económicas para manter as casas cuarteis, é posible que no medio ou curto prazo desapareza a Garda Civil dos nosos núcleos rurais, eu creo que iso é terrible. Por tanto, tamén se pode dar a circunstancia de que no futuro desaparezan tamén os edificios de Facenda e outro tipo de historias que ten o Estado no ámbito da provincia, eu creo que non é de recibo, e agora que se fala de fixar competencias, e de que estamos a recortar as

nosas propias competencias e os nosos propios fondos destinados a cubrir competencias exclusivas da Deputación, non podemos asumir outras competencias que son do Estado, baixo o subterfuxo de que é posible que se non o asumimos nós, o Estado vai deixar na indefensión á sociedade desta provincia. Eu creo que, evidentemente, despois da intervención, nós temos que alarmarnos aínda máis.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, podemos falar, son argumentos, teñen a maioría, vaise aprobar, e punto, pero non é razoable, e dígame vostede un exemplo neste Pleno dunha cousa similar, e á parte hai cousas que temos tamén que ter en conta, os tempos cambian, e o que é habitual ou razoable nun momento, pode ser non razoable noutro momento, e neste momento onde hai unha crise, onde os concellos non teñen diñeiro, onde están a despedir xente, onde están a cerrar servizos, eu creo que deberíamos de envorcar a nosa acción en axudar aos concellos, pero ben, é unha opinión, e tampouco entendo e non me respondeu, porqué ten a Deputación que adxudicar, xestionar, executar, dirixir a obra, solicitar os permisos de construción aos concellos, os permisos e licenzas a outras administracións, por que?, eu lémbroo sempre, e hai poucos anos, están a arranxarse as casas dos concellos, en Outes arranxouse hai pouco tempo, porque eu recordo que mo dixo o Subdelegado do Goberno, e non pagou a Deputación, pagou a Dirección Xeral da Garda Civil e contratou a Garda Civil, contratou a reparación, pagou e fixo todo, non entendo por que temos que cargar aos funcionarios da Deputación cuns labores que non son os seus, é que entón calquera convenio que fagamos vano xestionar os funcionarios da Deputación? Home, zapateiro aos teus zapatos, e máis coa que está a caer.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente. En primeiro lugar, a min o que me preocupa é que se poida sacar de contexto o que eu dixen, eu precisamente o que digo é que coa axuda desta entidade provincial, o que facemos é asentarse e apostar pola continuidade do que son as forzas de seguridade neste caso que operan no medio rural, e digo a tentación, e por que?, porque a ninguén se lle escapa que alí viven persoas, e as persoas teñen que ter calidade de vida, teñen que ter salubridade, e se por calquera razón neste caso, sexan de índole económica, sexan de dificultades da Administración do Estado, esas casas, que volvo repetir, algunhas están en patrimonio municipal, outras non sería o caso, non están nesas condicións de salubridade, o primeiro que pediría non estar alí é precisamente os efectivos da Garda Civil, co cal a ninguén se lle escapa que se se chegase a producir algo diso, a tentación estaría dentro do normal que non se permita que unha persoa non estivese nun lugar que non reúna as condicións.

Por tanto, iso é o que eu dicía, non hai ningún tipo de risco, pero temos que evitar que o puidese haber no futuro, iso debe quedar ben claro, porque o que estamos é apostando por darlle aos nosos concellos a posibilidade de que se presten os labores para a súa seguridade na mellor condición posible.

Con respecto ao Sr. Moreda, dicirlle que aquí xa houbo outra serie de convenios ou acordos que non teñen porqué ser estritamente no ámbito económico, é dicir, achéganse 250.000 euros, como se poderían achegar 300.000, ou levar outro

tipo de achegas ou, digamos, contraprestacións que neste caso a entidade provincial fai para levar a bo termo este acordo. Por tanto, o feito de que se poñan a disposición determinados técnicos ou actuacións provinciais, creo que dunha ou outra forma íase facer, ben pola vía económica, ben pola vía desa prestación dun servizo que a Deputación está en disposición de prestar sen diminución dos seus propios. Nada máis, presidente.

Sr. Presidente

Agora si que pasamos á votación, Fíxese vostede, que saiba vostede, que esa cláusula quinta chegaron ao propio acordo os técnicos, tanto da Deputación como da Dirección Xeral, non é un ningún tema de maior intención que esa, senón que eles conviñeron que era a mellor maneira de levalo a cabo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: 12 deputados (7 do PSOE e 5 do BNG)
Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Dirección Xeral da Garda Civil (Adscrita á Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior da Administración Xeral do Estado) cunha achega de 250.000 euros para o ano 2013 que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/132A/720.01.

ANEXO

ACORDO DE ACHEGAS ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE ACUARTELAMENTOS DA GARDA CIVIL NA DEVANDITA PROVINCIA.

A Coruña, de _____ de 2013

REUNIDOS

DUNHA PARTE, o Excmo. Sr. D. ARSENIO FERNÁNDEZ DE MESA DÍAZ DEL RÍO, director xeral da Garda Civil, actuando en nome e representación da Dirección Xeral da Garda Civil.

DOUTRA PARTE, o Excmo. Sr. D. DIEGO CALVO POUISO, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome e representación desta en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34 a e b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Recoñecéndose ambas partes capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio, para ese efecto,

MANIFESTAN

I. Que o principio constitucional de colaboración entre as distintas Administracións públicas que integran o Estado, así como o de eficiencia que deben presidir a actuación destas implica pór ao dispor de calquera delas os medios que precisen para o mellor exercicio das súas funcións.

II. Que a Deputación Provincial da Coruña é consciente do labor desenvolvido polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e en concreto polo da Garda Civil. Por iso está decidida a favorecer, na medida das súas posibilidades, a mellora das condicións de vida e traballo dos membros da Garda Civil que redundará inequivocamente na mellora das condicións e calidade de vida de todos os cidadáns, especialmente nun territorio como a provincia da Coruña. Igual proxección prodúcese respecto das competencias e funcións das entidades locais que integran o noso territorio.

III. Que a protección da orde pública, a vixilancia do tráfico en vías interurbanas, a protección da natureza e o medio, a atención policial ao cidadán e a quen visitan esta provincia, a conservación de recursos hidráulicos e da riqueza cinxética piscícola e forestal, pon de manifesto a importancia da misión encomendada á Garda Civil na salvagarda e satisfacción do interese xeral.

IV. Que a Deputación Provincial da Coruña, sensible ao grave problema dos acuartelamentos e a prol de colaborar na consecución dun mellor servizo do Instituto da Garda Civil, ofrece a súa colaboración para a realización das obras de conservación e reparación dos acuartelamentos con condicións de habitabilidade deficientes.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral da Garda Civil subscriben o presente acordo de achegas, que se desenvolverá conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente acordo é establecer o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral da Garda Civil, para promover a modernización das instalacións oficiais, co obxecto de ofrecer un servizo de calidade aos cidadáns, así como mellorar as condicións de vida e de prestación do servizo por parte do persoal do referido Corpo, mediante achegas económicas destinadas á realización de obras de reparación e conservación das casas-cuartel.

SEGUNDA.- A achega da Deputación Provincial da Coruña ao presente convenio será de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €), para o ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 0202/132A/720.01, na que existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento de que se trata.

TERCEIRA.- Créase unha Comisión Mixta de Seguimento do presente acordo, integrada por DOUS representantes da Deputación Provincial da Coruña e DÚAS da Dirección Xeral da Garda Civil e UN da Subdelegación do Goberno na Coruña. Cada

unha das administracións representadas poderá estar asistida polos técnicos que consideren convenientes.

A Comisión Mixta constituirase nun prazo máximo de 1 mes desde a sinatura do presente acordo de achegas.

A Comandancia da Garda Civil da Coruña remitirá á Comisión Mixta, no prazo máximo dun mes desde a súa constitución, unha relación priorizada das obras que se pretenden realizar nas Casas Cuarteis da provincia, así como o seu importe cuxa suma non poderá exceder do máximo establecido na cláusula SEGUNDA sen prexuízo de que se houbese baixas de adxudicación e/ou execución se poidan reasignar para realizar novas obras. A dita comunicación autorizará á Deputación provincial para a execución das obras nos inmobles de titularidade estatal.

CUARTA.- A Comisión Mixta, unha vez constituída, terá as seguintes funcións:

- a) Propor á Deputación a programación das actuacións e obras a realizar, á vista das necesidades priorizadas de obras en casas-cuartel propostas pola Comandancia da Garda Civil da Coruña e coñecida a contía económica da axuda.
- b) Supervisión e control dos xustificantes de todos os gastos que se orixinen como consecuencia das obras programadas.
- c) Coordinar os traballos para a consecución óptima do fin que se persegue.
- d) Calquera outra que puidese xurdir, encamiñada ao bo funcionamento e desenvolvemento do programa.

O funcionamento da Comisión aterase ao disposto na Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sobre órganos colexiados.

QUINTA.- A Deputación Provincial da Coruña asumirá a contratación, execución e pago das obras, que deban executarse, mediante contratación a empresas especializadas do sector; así como a tramitación dos permisos, licenzas e autorizacións administrativas que no seu caso deban obterse, e, de resultar necesario, a dirección facultativa das obras.

Durante a execución das obras e ata a súa finalización e recepción colocarse un cartel sinxelo co anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

O ben quedará afecto á finalidade pública para o que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

SEXTA.- O presente acordo de achegas estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata a total finalización das actuacións que se acometan, e poderá extinguirse polas seguintes causas:

- a) Mutuo acordo

b) Incumplimento reiterado das súas obrigas por algunha das partes asinantes.

Todo iso sen prexuízo da finalización das actividades que estivesen comprometidas ata a data de resolución.

Por aplicación do artigo 4.1.c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da devandita lei.

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na normativa xeral de subvencións aplicable ás administracións públicas.

E para que conste e produza os efectos oportunos esténdese e firma por triplicado exemplar o presente documento no lugar e data "ut supra".

O DIRECTOR XERAL
DA GARDA CIVIL

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

Arsenio Fernández de Mesa
Díaz del Río

Diego Calvo Pouso"

14.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SOBRADO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VIARIOS EN PORTA E CODESOSO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Sobrado para financiar as obras incluídas no proxecto de ACONDICIONAMENTO DE VIARIOS EN PORTA E CODESOSO cunha achega de 110.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 97,52%) sobre un orzamento subvencionable de 112.796,61 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/76201.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SOBRADO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DA OBRA RELATIVA AO ACONDICIONAMENTO DE VIARIOS EN PORTA E CODESOSO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Jacobo Fernández García , alcalde presidente do Concello de Sobrado.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Sobrado ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sobrado con CIF P-1508100C, para o financiamento da obra relativa ao acondicionamento de viarios en Porta e Codesoso, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por dona Ana Patricia Souto Lareo, técnica municipal.

2.O Concello de Sobrado, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Sobrado, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	78.336,42
GASTOS XERAIS	10.183,,73
BENEFICIO INDUSTRIAL	4.700,19
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	19.576,27
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	112.796,61

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 110.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 97,52 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.No caso de que o gasto xustificado non acada o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 97,520%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro .

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Sobrado o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Sobrado axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Sobrado tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Sobrado estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56^a das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do concello de pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Concello de Sobrado, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Sobrado na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Sobrado terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Sobrado deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Sobrado dos Monxes para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Concello de Sobrado da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de Sobrado deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de Sobrado destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Sobrado poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Sobrado queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 ^{DEL.} se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 ^{DEL.}

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 ^{DEL.} Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 ^{DEL.} E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 ^{DEL.}

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Sobrado serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Sobrado será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2013.

2.Para o caso de que o Concello de Sobrado non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Sobrado perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Sobrado, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SOBRADO

DIEGO CALVO POUSO

Jacobo Fernández García”

15.-APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS, DESIGNACIÓN DO REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NA ASOCIACIÓN “RED ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL” RETI.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Ratificar a incorporación da Deputación Provincial da Coruña á Asociación RETI e acordar a aprobación definitiva dos estatutos da “Red Española de Turismo Industrial RETI” aprobados polos socios fundadores da asociación.

RED ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL (RETI)

Preámbulo

En España, a cooperación entre varias iniciativas de turismo *industrial* postas en marcha nas distintas Comunidades, fixo que se xerara un transvasamento de coñecementos e de complicidades, resultando conveniente trasladar ese modelo de traballo en rede, do nivel provincial ou autonómico, ao de todo o Estado español.

Con esa finalidade, o grupo de traballo xurdido da xornada realizada en Talavera de la Reina o 10 de febreiro de 2011, convocada por Turespaña, e que contou con representantes das CC.AA, elaborou os presentes estatutos da Asociación, que actuará como plataforma das organizacións que promoven o turismo industrial de forma agrupada e estruturada no territorio español; co fin de desenvolver políticas coordinadas nesa “rede de redes”, que favorezan o traballo conxunto e a organización e estruturación desa modalidade turística, a modo de club *de produto turístico*, para a súa implementación e desenvolvemento na oferta turística de España.

Capítulo I: Disposicións xerais

Artigo 1.- Denominación

Constitúese a asociación sen ánimo de lucro ***RED ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL***, tamén denominada co acrónimo **RETI**, que se rexerá polos presentes estatutos así como polas disposicións legais que lle sexan de aplicación e, en especial, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Artigo 2.- Domicilio

O domicilio social queda establecido na Cámara de Comercio e Industria de Toledo

(Praza de San Vicente, 3 – 45001 Toledo), podendo este ser modificado logo do acordo previo da Asemblea Xeral, adoptado por maioría cualificada.

A Asociación RETI poderá ter a súa Secretaría e Tesourería nun domicilio distinto ao social, indo os seus custos loxísticos, gastos de funcionamento e persoal de apoio a cargo da organización asociada á RETI que teña o cargo de Secretaría-Tesourería. A devandita localización deberá ser aprobada, por maioría, pola Asemblea Xeral.

Artigo 3.- Ámbito territorial

O ámbito territorial principal da asociación será o correspondente ao do Estado español, sen prexuízo de que poida realizar actuacións e participar en proxectos a nivel internacional, así como colaborar con outras entidades e organizacións internacionais, sempre que sexa coas finalidades detalladas nos presentes estatutos.

Artigo 4.- Finalidades

A RETI ten as seguintes finalidades:

- 4.1 Perseguir o recoñecemento, potenciación e valorización do turismo industrial como produto turístico e elemento de dinamización socioeconómica do territorio.
- 4.2 Desenvolver proxectos en beneficio e interese dos obxectivos dos seus integrantes.
- 4.3 Ofrecer servizos e desenvolver ferramentas para os seus integrantes e para terceiros.
 - 4.4 Promover a oferta de turismo industrial representada polos seus asociados e contribuír á súa comercialización.
 - 4.5 Promover, a través do turismo industrial a sensibilización polos valores da cultura industrial pasada e presente.
 - 4.6 Velar pola calidade do turismo industrial.
 - 4.7 Fomentar a colaboración, o intercambio de coñecementos e a creación de sinerxías entre os integrantes da Rede, así como con outras organizacións, tanto a nivel nacional como internacional.
 - 4.8 Ser interlocutora do sector con organismos públicos e privados do ámbito estatal e internacional.
 - 4.9 Ter presenza nos foros e iniciativas de interese para os obxectivos da rede.
- 4.10 Efectuar as funcións de observatorio e centro de coñecemento e innovación do sector.
- 4.11 Lograr o posicionamento de España como destino de turismo industrial.
- 4.12 Desestacionalizar a demanda en destinos turísticos e promover a actividade turística en territorios non considerados tradicionalmente turísticos, a través do turismo industrial.

Capítulo II: Integrantes e asociados

Artigo 5.- Clases de socios

A. Poderán ser **socios ordinarios** da RETI aquelas organizacións, con personalidade xurídica propia, que promovan o turismo industrial de forma agrupada e estruturada, nun territorio español de ámbito supramunicipal. Os socios fundadores da RETI só poderán pertencer a esa categoría.

B. Poderán ser **socios individuais** aquelas organizacións xurídicas responsables de recursos e produtos de turismo industrial en España que non teñan a opción de estar integradas dentro dunha organización da categoría “A” (socios ordinarios) e cumpran os requisitos e protocolos que estableza a Asemblea da RETI. A representación dos asociados individuais nos órganos de goberno da RETI será sempre, proporcionalmente, menor que a dos socios ordinarios, a fin de preservar o carácter de “rede de redes” que inspira á RETI. Os socios individuais terán dereito a voz, pero non a voto, salvo aqueles que formen parte da Xunta Directiva.

As organizacións asociadas, en ambas as dúas categorías, estarán representadas nos distintos órganos da Asociación mediante unha persoa física que sería designada e notificada á RETI polos respectivos órganos de goberno das devanditas organizacións asociadas. Tamén poderán designar un membro suplente. Os devanditos representantes perderán esta condición cando a organización á que representan cause baixa da Asociación; ou ben por revogación da súa designación, por vontade propia ou por acordo dos órganos de goberno da organización á que representan. En todo caso, esa circunstancia será comunicada á Presidencia da RETI por escrito.

Artigo 6.- Entidades e institucións colaboradoras

Poderán converterse en entidades ou institucións colaboradoras aquelas que, ben sendo do ámbito público ou privado, queiran formalizar o seu soporte á Rede (mediante convenio ou outro documento), achegando recursos, ofrecendo servizos e integrando o turismo industrial nas súas políticas turísticas de promoción e desenvolvemento. Terán dereito a asistir á Asemblea con voz, pero sen voto. Ese dereito perderase por causa de resolución do documento vinculante.

Artigo 7.- Proceso de admisión

Aquelas organizacións que desexen pertencer á Asociación deberán presentar a súa solicitude, mediante escrito dirixido á Presidencia, acreditando o seu carácter xurídico, cumprir os requisitos necesarios para acceder á súa condición de socio, ser coñecedor dos dereitos e obrigacións dos estatutos da RETI e comprometerse á súa aceptación e cumprimento.

A Presidencia someterá a solicitude a consideración da Xunta Directiva que poderá aprobala provisionalmente, quedando condicionada a súa admisión definitiva á ratificación por parte da Asemblea Xeral na primeira sesión que esta celebre.

Artigo 8.- Dereitos

Son dereitos dos socios da categoría “A” (socios ordinarios):

- ◆ Asistir os seus representantes ás reunións da Asemblea Xeral e outros órganos de goberno aos que pertencen, con voz e voto.
- ◆ Elixir e ser elixidos os seus representantes para formar parte dos distintos órganos de goberno da Asociación.
- ◆ Solicitar e recibir información sobre a totalidade das actividades, administración e xestión da Asociación.
- ◆ Participar nas actividades promovidas pola Asociación, nas condicións establecidas.
- ◆ Propor todo tipo de iniciativas concorrentes coas finalidades da Asociación aos órganos da Asociación.

Son dereitos dos socios da categoría “B” (socios individuais):

- ◆ Asistir os seus representantes ás reunións da Asemblea Xeral con voz e sen voto, fóra daqueles que formen parte da Xunta Directiva, que terán dereito a voz e voto.
- ◆ Elixir e ser elixidos os seus representantes para formar parte da Xunta Directiva da Asociación.
- ◆ Solicitar e recibir información sobre a totalidade das actividades, administración e xestión da Asociación.
- ◆ Participar nas actividades promovidas pola Asociación, nas condicións establecidas.
- ◆ Propor todo tipo de iniciativas concorrentes coas finalidades da Asociación aos órganos desta.

Artigo 9. - Obrigacións

Son obrigacións de todos os socios:

- ◆ Cumprir o establecido nos estatutos da Asociación.
- ◆ Acatar e cumprir os acordos que, no ámbito da súa capacidade e competencia, acorden os órganos de goberno da Asociación.
- ◆ Contribuír ao cumprimento dos obxectivos da RETI, participando e colaborando activamente.
- ◆ Asistir ás sesións dos órganos dos cales se forme parte.
- ◆ Contribuír economicamente no funcionamento da Asociación, así como naquelas obrigacións derivadas de convenios ou acordos aprobados pola Asemblea con outras institucións.

Artigo 10.- Perda da condición de socio

A condición de socio perderase por:

- ◆ Vontade propia do asociado, debendo comunicar esa vontade por escrito á Presidencia, cun mínimo de seis meses de antelación á data en que desexa causar baixa, debendo estar ao corrente dos seus compromisos e obrigacións anteriores e garantindo o cumprimento das pendentes. Nese caso, convocarase á Asemblea para que tome coñecemento da dita baixa.
- ◆ Por acordo da Asemblea Xeral, adoptado por unha maioría de dous terzos, motivado polo incumprimento das obrigacións estatutarias. O acordo de separación ou baixa, deberá conter a liquidación dos dereitos e deberes do socio afectado, respecto á Asociación, que lle serán notificados. A proposta de

separación será presentada á Asemblea pola Xunta Directiva, previa audiencia e notificación ao interesado.

Capítulo III: Órganos e funcionamento

Artigo 11.- Órganos de goberno, órganos de xestión e outros órganos

A Asociación conta cos seguintes

Órganos de goberno:

- ◆ Asemblea Xeral
- ◆ Xunta Directiva
- ◆ Presidencia
- ◆ Dúas Vicepresidencias

Órganos de xestión:

- ◆ Secretaría-Tesourería
- ◆ Xerencia

Outros órganos:

- ◆ Comisión Consultiva

Artigo 12.- A Asemblea Xeral

1. É o órgano supremo de goberno da Asociación. Estará presidida por quen teña o cargo da Presidencia da RETI e, na súa ausencia, pola primeira das vicepresidencias. Deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano. Tamén se reunirá sempre que a Xunta Directiva o acorde necesario ou ben cando o solicite un mínimo do 10 % dos asociados con dereito a voto. Neste último caso, a Asemblea deberá celebrarse no prazo máximo de dous meses a partir da solicitude.

2. As convocatorias das Asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito cunha antelación mínima de quince días. A convocatoria deberá incluír o día, hora, lugar da reunión e a orde do día.

3. Forman parte da Asemblea:

- a. Todos os socios ordinarios (clase "A"), a través dos seus representantes, que terán dereito a voz e voto (Un só voto por cada organización asociada)
- b. Todos os socios individuais (clase "B"), a través dos seus representantes, que terán dereito a voz, pero non a voto (fóra daqueles que formen parte da Xunta Directiva)
- c. Todos os integrantes da Xunta Directiva, que contarán con dereito a voz e voto.
- d. A Presidencia, con dereito a voz e voto.
- e. As Vicepresidencias, con dereito a voz e voto.
- f. A Secretaría-Tesourería, con dereito a voz e voto.
- g. A persoa que ocupe a Xerencia da RETI, que contarán con dereito a

voz, pero non a voto.

Tamén se convidará a participar na Asemblea a:

- h. Os membros da Comisión Consultiva, que terán dereito a voz, pero non a voto (a excepción do portavoz que a representa na Xunta Directiva)
- i. Os representantes das entidades e institucións colaboradoras, que terán dereito a voz, pero non a voto.

Ningún dos membros da Asemblea percibirá remuneración derivada da súa condición de socio.

4. A Asemblea quedará validamente constituída cando concorran a ela un mínimo do terzo dos seus socios con dereito a voto. En todo caso, non poderá realizarse ningunha sesión sen a presenza da Presidencia, nos termos que se describe neste artigo 12.1, nin do secretario-tesoureiro da RETI, ou persoa en quen delegue.

No caso de non chegarse ao quórum esixido, poderá celebrarse unha reunión informativa para dar conta dos temas previstos na orde do día. A Presidencia, por razóns de urxencia xustificada, poderá tomar as competencias do órgano colexiado, debendo ser ratificados os acordos tomados na próxima Asemblea.

5. Os acordos da Asemblea adoptaranse pola maioría simple (máis votos afirmativos que negativos) dos votos presentes ou representados por delegación escrita. No entanto, os acordos relativos á disolución da Asociación, modificación dos Estatutos, cambio de domicilio social, disposición ou alleamento de bens, solicitude de declaración de utilidade pública e remuneración dos membros dos órganos de representación, deberán ser tomados por maioría cualificada, é dicir, que os votos afirmativos deben superar a metade dos votos válidos emitidos (negativos e abstencións).

6. Os acordos tomados pola Asemblea deberán recollerse nun libro de actas.

Artigo 13.- Competencias da Asemblea

Son competencias da Asemblea:

- a) Aprobar a localización do domicilio social e da Secretaría-Tesourería da RETI.
- b) Aprobar a incorporación ou separación definitiva dos asociados á RETI.
- c) A elección e cesamento dos cargos para a Presidencia, as Vicepresidencias e a Secretaría-Tesourería de entre os representantes dos asociados ordinarios (categoría "A") á RETI na Asemblea.
- d) A elección dos membros da Xunta Directiva.
- e) A elección dos membros da Comisión Consultiva.
- f) Aprobar a modificación, por maioría absoluta, dos estatutos da Asociación.
- g) Establecer as directrices da política xeral de actuación da Asociación, aprobando os plans de actuacións propostos pola Xunta Directiva.
- h) Aprobar os plans de actuación e os orzamentos anuais.
- i) Aprobar a liquidación económica e a memoria anual.

- j) Aprobar as obrigacións económicas xerais que deban cumprir os socios.
- k) A adquisición ou alleamento de bens patrimoniais.
- l) Aprobar a incorporación ou separación a outras asociacións ou organismos, nacionais ou internacionais.
- m) Aprobar a sinatura de convenios con entidades e institucións colaboradoras e con outras entidades públicas ou privadas.
- n) Solicitar a declaración de utilidade pública.
- o) Aprobar as condicións e criterios de acceso e representación dos asociados individuais (clase "B") á Asociación.
 - p) Aprobar, se procede, o regulamento de réxime interno.
 - q) Acordar, por maioría absoluta, a disolución da Asociación.
 - r) Resolver calquera outra cuestión que non estea atribuída a ningún outro órgano de goberno da Asociación.

Artigo 14.-A Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de representación permanente que representa e xestiona os intereses da Asociación, de acordo coas directrices da Asemblea Xeral. Os seus membros serán elixidos en Asemblea, de acordo co artigo 13, por un mandato de catro anos e perderán esa condición cando deixen de formar parte da Asemblea.

Está integrada por:

- ♦ A Presidencia, que é a mesma que a da Asociación
- ♦ As dúas Vicepresidencias, que son as da Asociación
- ♦ A Secretaría-Tesourería da Asociación
- ♦ Os vogais, nun número que garanta a representación de todas as Comunidades Autónomas con asociados na RETI. Os devanditos vogais serán elixidos entre os representantes dos asociados ordinarios ("A") ou individuais ("B") tendo en conta que estes últimos non poderán superar o 25 % dos primeiros.

Todos eles contarán con voz e voto.

Así mesmo, tamén se convidará a formar parte da Xunta Directiva, con voz, pero sen voto a:

- ♦ A persoa responsable da Xerencia
- ♦ O portavoz da Comisión Consultiva
- ♦ Aquelas persoas que a Xunta estime oportuno convocar de forma puntual.

Os cargos electos da Xunta Directiva non percibirán remuneración ningunha polo exercicio do seu cargo.

A Xunta Directiva reunirse de forma ordinaria coa periodicidade que se estableza, e que non será inferior a unha reunión trimestral. Tamén poderá convocarse, de forma extraordinaria, por motivos de urxencia, a pedimento da Presidencia ou a pedimento de dous dos seus membros.

As convocatorias faranse por escrito e deberán formalizarse cun mínimo de dez días de antelación. Para dar validez á convocatoria requirirase un quórum dun mínimo do 25 % dos convocados e os acordos tomaranse por maioría simple. En caso de non

chegar ao quórum esixido, poderá realizarse unha reunión informativa e a Presidencia, por razóns de urxencia xustificada, poderá tomar as competencias do órgano colexiado, debendo ser ratificados os acordos tomados na próxima reunión da Xunta.

As decisións da Xunta Directiva deberán recollerse nun libro de actas.

Artigo 15.- Competencias da Xunta Directiva

- ✦ Facer o seguimento da actividade da Asociación, segundo o Plan de actuación e o orzamento aprobados pola Asemblea.
- ✦ Controlar a xestión económica e administrativa da Asociación.
- ✦ Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral a memoria e a liquidación económica anual.
- ✦ O nomeamento da persoa que deba ocupar o cargo da Xerencia da Asociación.
- ✦ Propor á Asemblea os membros que poidan integrar a Comisión Consultiva.
- ✦ Aprobar a creación de grupos ou comisións de traballo puntuais ou temporais.
- ✦ Aprobar a contratación, incluída a do persoal, que poida efectuar a Asociación sempre dentro dos orzamentos e plan de actuación aprobados pola Asemblea.
- ✦ Solicitar e aceptar subvencións, así como aceptar doazóns de calquera tipo.
- ✦ Propor a aceptación ou separación de asociados, de acordo cos artigos 7 e 10 dos presentes Estatutos.
- ✦ Elevar á Asemblea aqueles temas da súa competencia que deban serlle sometidos a consideración.
- ✦ Calquera outra atribución que lle sexa asignada pola Asemblea Xeral.

Artigo 16.- Presidencia

A persoa que exerza a Presidencia, será designada pola Asemblea Xeral de entre os representantes dos Asociados Ordinarios (categoría "A") que opten ao devandito cargo. Os mandatos serán de catro anos, podendo ser reelixida por un segundo mandato consecutivo, a condición de que manteña a representación necesaria e esixida nos presentes Estatutos. O cargo tamén se perderá cando a persoa que o teña deixe de manter a representación da organización asociada á que representaba.

O cargo de presidente non percibirá remuneración ningunha polo exercicio do seu cargo, aínda que a Asemblea poderá aprobar que lle sexan compensados os gastos de desprazamentos e axudas de custo motivados en exercicio de representación da Asociación.

As súas competencias son:

- ✦ Representar legalmente á Asociación.
- ✦ Cumprir e facer cumprir os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- ✦ Convocar á Asemblea e a Xunta Directiva, así como á Comisión Consultiva e cantos órganos complementarios creados presida.

- ♦ Aprobar a orde do día das reunións convocadas; presidilas, suspendelas e levantar as sesións.
- ♦ Dispor do voto de calidade, nos empates das votacións.
- ♦ Dispor os pagos acordados validamente.
- ♦ Dispor de sinatura nas contas bancarias da Asociación.
- ♦ Visar certificados expedidos pola Secretaría.
- ♦ Subscribir, en nome da Asociación, os contratos, convenios e peticións de subvención, para o cumprimento das súas finalidades.
- ♦ Encomendar misións específicas aos Órganos de Xestión, así como aos membros da Xunta ou da Asemblea.
- ♦ Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva.

Artigo 17.- Vicepresidencias

A RETI contará con dúas Vicepresidencias: **Vicepresidencia Primeira e Vicepresidencia Segunda**, que serán representadas por aqueles candidatos, representantes dos asociados da clase “A” (ordinarios), que sexan elixidos pola Asemblea. O seu mandato será de catro anos podendo ser reelixidos, a condición de que manteñan a representación necesaria e esixida nos presentes Estatutos. O cargo tamén se perderá cando a persoa que o teña deixe de manter a representación da organización asociada á que representaba.

Para dar unha maior representatividade territorial, evitarase que as dúas Vicepresidencias sexan ocupadas por representantes de organizacións dunha mesma Comunidade Autónoma.

Os cargos de vicepresidente non percibirán remuneración ningunha polo exercicio do seu cargo, aínda que poderán serlle compensados os gastos de desprazamentos e axudas de custo motivados en exercicio de representación da Asociación, a aquela Vicepresidencia que actúe en substitución no cargo da Presidencia, sempre que a Asemblea aprobase o pago dos devanditos gastos.

As competencias das Vicepresidencias son:

- ♦ Substituír á Presidencia, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou delegación. Nese caso, a representación recaerá, en primeiro lugar, na Vicepresidencia Primeira, e ante imposibilidade ou indisposición da persoa que exerza ese cargo, trasladarase á persoa que ocupe a Vicepresidencia Segunda.
- ♦ Aquelas funcións que lles sexan asignadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou a Presidencia.

Artigo 18.- Órganos de xestión

1. Secretaría-Tesourería

De entre os representantes dos asociados da clase “A” (ordinarios), a Asemblea da RETI elixirá á persoa responsable da Secretaría-Tesourería. O seu mandato será de catro anos, podendo ser reelixido, a condición de que manteña a representación necesaria e esixida nos presentes Estatutos. O cargo tamén se perderá cando a persoa que o teña deixe de manter a representación da organización asociada á que

representaba.

As súas funcións serán:

- ◆ Custodiar a documentación da Asociación.
- ◆ Levar o libro-rexistro de socios e das persoas que as representan.
- ◆ Asistir ás reunións dos órganos de goberno, con voz e voto. Redactar e asinar as actas das devanditas reunións.
- ◆ Redactar e asinar as certificacións co visto e prace do presidente.
- ◆ Exercer o control e custodia dos recursos económicos da Asociación.
- ◆ Levar e supervisar a contabilidade.
- ◆ Elaborar conxuntamente coa Xerencia a proposta de orzamento anual para presentar á Xunta Directiva.
- ◆ Presentar os balances, inventarios e rendición de contas anuais, de ingresos e gastos.
- ◆ Asinar os recibos e demais documentos de tesourería.
- ◆ Pagar as facturas aprobadas previamente pola Presidencia ou persoa delegada.

O cargo de responsable da Secretaría-Tesourería non percibirá remuneración ningunha en exercicio do seu cargo, por parte da Asociación.

2. Xerencia

A Xunta Directiva poderá nomear un responsable da Xerencia da Asociación, que poderá recibir tamén a denominación de coordinador, director ou outra similar. É o máximo órgano administrativo de execución e asesoramento técnico, ás ordes da Xunta Directiva e da Presidencia.

A Xunta Directiva establecerá o réxime de dedicación, a retribución (con base no orzamento aprobado pola Asemblea) e as tarefas xerais da xerencia.

As súas funcións son:

- ◆ Executar e facer cumprir os acordos dos órganos de goberno.
- ◆ Organizar, dirixir, administrar e inspeccionar os servizos e programas da Asociación, de conformidade ás directrices dos órganos de goberno.
- ◆ Levar a representación técnica da Asociación.
- ◆ A dirección do persoal ao servizo da Asociación.
- ◆ Coordinar os técnicos das distintas organizacións asociadas á RETI, para a consecución dos seus obxectivos.
- ◆ Propor e desenvolver propostas e proxectos adecuados ás fins da Asociación.
- ◆ Executar os proxectos e iniciativas incluídos nos plans de actuación aprobados.
- ◆ Realizar xestións para a obtención de recursos económicos para levar a cabo os proxectos da Asociación.
- ◆ Participar, con voz e sen voto, nas reunións dos órganos de goberno da Asociación, así como na Comisión Consultiva e facer o seguimento dos demais órganos que poidan constituírse desde a Asociación.
- ◆ Emitir informes técnicos que sexan necesarios nos programas, expedientes e actividades que realice a Asociación.

♦ Cantas funcións concretas lle encomenden a Presidencia e a Xunta Directiva.

Artigo 19.- Outros órganos

♦ Comisión Consultiva

A Asociación contará cun órgano consultivo permanente, integrado por persoas que, ben pola súa representatividade, ben a título persoal, polos seus coñecementos e traxectoria, poidan realizar achegas de interese aos fins da Asociación. A súa función será consultiva e de asesoramento, non sendo vinculantes as súas decisións.

Os seus integrantes serán propostos pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral, que será quen aprobe a constitución da Comisión Consultiva. A permanencia dos devanditos integrantes na Comisión será por un período de tempo igual ao do mandato dos órganos de goberno da Asociación, podendo ser ratificados de novo no seu cargo polos novos representantes dos órganos de goberno. Os integrantes que o sexan en representación dalgunha entidade, perderán a súa condición de membros cando deixen de ter a dita representación. Do mesmo xeito, poderán causar baixa da Comisión a petición propia, previa petición por escrito, ou ben por decisión da Xunta Directiva, debidamente argumentada.

A Comisión Consultiva será convocada e estará presidida pola Presidencia da Asociación, ou persoa en quen esta delegue. Ás reunións asistirán tamén as persoas responsables da Xerencia e da Secretaría, así como aquelas que a Presidencia considere oportuno convocar. A Comisión Consultiva será convocada, polo menos, dúas veces ao ano.

De entre os membros da Comisión Consultiva, escollerase a un portavoz que represente a este órgano na Xunta Directiva.

Os membros da Comisión Consultiva poderán ser convocados á Asemblea, con voz e sen voto, a excepción do portavoz que representa á Comisión na Xunta Directiva, que disporá de voto.

Os membros da Comisión Consultiva non percibirán remuneración ningunha pola súa pertenza a esta.

A Asemblea poderá constituír, ademais e sempre que o considere oportuno, outros órganos como comisións, grupos de traballo... que terán carácter temporal e cuxa finalidade poida ser xestionar proxectos concretos, actividades determinadas ou para realizar os encargos solicitados pola Xunta Directiva. Nestes casos, os presidentes poderán ser os representantes de socios ordinarios ou individuais, escollidos entre os seus compoñentes e polos propios participantes no grupo. Do mesmo xeito, designarase a un dos membros para que exerza o papel de secretario de actas.

Sen prexuízo da autonomía das comisións, a Xunta Directiva exercerá funcións de supervisión e control, e o xerente impulsará as súas tarefas na orde executiva.

Para o financiamento da xestión dos proxectos desas Comisións, poderán

establecerse –se é necesario- cotas específicas por parte da Xunta Directiva, con cargo aos socios implicados.

Capítulo IV: Réxime económico, documental e contable

Artigo 20.- Patrimonio Fundacional

A Asociación, no momento da súa constitución carece de patrimonio fundacional.

Artigo 21.- Contabilidade

A Asociación disporá dunha relación actualizada dos seus socios e levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do seu patrimonio e do seu resultado, así como da súa situación financeira e das actividades realizadas. A dita documentación, así como o libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno, estarán ao dispor dos socios.

As contas da Asociación e os orzamentos serán aprobados anualmente pola Asemblea Xeral. Os exercicios serán anuais, con inicio o 1 de xaneiro e finalización o 31 de decembro de cada ano.

A Asociación poderá valerse dos servizos administrativos e técnicos das organizacións asociadas, así como dos medios de que estas dispoñan, cando razóns técnicas, de especialización ou de eficacia así o aconsellen. Iso será especialmente así, no caso daquela organización asociada que detente a Presidencia da Asociación.

Artigo 22.- Recursos económicos

Estarán baseados en:

- ◆ Cotas anuais dos socios, que establecerá a Asemblea Xeral e que deberán ser aboadas por estes dentro do tres primeiros meses do exercicio anual.
- ◆ Cotas puntuais dos socios, establecidos para proxectos concretos.
- ◆ Achegas e subvencións das administracións públicas nacionais e internacionais.
- ◆ Doazóns, premios e herdanzas de institucións privadas e empresas.
- ◆ Xuros ou rendas que produzan os fondos e o patrimonio da Asociación.
- ◆ Ingresos obtidos por actividades lícitas acordadas pola Xunta Directiva.

Artigo 23.- Administración de Fondos

A Asociación abrirá contas bancarias onde disporán de sinatura o presidente, o secretario-tesoureiro e o xerente.

Para a disposición de sinaturas requirirase a sinatura de dous deles, un dos cales deberá ser necesariamente o presidente ou o secretario-tesoureiro.

A Asociación someterase a todas as actuacións de verificación e inspección que se consideren necesarias para comprobar o cumprimento da normativa e o correcto uso

dos fondos.

Capítulo V: Disolución

Artigo 24.- Circunstancias

A Asociación Red Española de Turismo Industrial (RETI), constituída por tempo indefinido, poderá disolverse por acordo da Asemblea Xeral, por maioría absoluta, en convocatoria efectuada expresamente para tal fin.

Tamén poderá disolverse por sentenza xudicial ou calquera outra causa legalmente establecida.

En ambos os casos, a Asemblea Xeral decidirá o destino dos bens e dereitos da Asociación, así como as operacións que estean pendentes de resolverse. Constituirase unha Comisión Liquidadora integrada polos membros da Xunta Directiva que naquel momento estean nela, e con aqueles socios que na Asemblea Xeral mostren o seu interese por participar da devandita Comisión Liquidadora.

A Comisión Liquidadora, cumprindo o acordo da Asemblea Xeral, fará a liquidación pertinente que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da Asociación, tal e como recolle o artigo 7.1.k da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

A Asociación conservará a súa personalidade xurídica ata a conclusión do período de liquidación.

DISPOSICION ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos aplicarase a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e as disposicións complementarias.

DISPOSICION TRANSITORIA

No período de transición ata a contratación da Xerencia e en ausencia desta, poderá acordarse, por parte dos socios fundadores da RETI, que a organización elixida para asumir a Secretaría-Tesorería, desempeñe as funcións encomendadas á Xerencia, podéndose retribuír os gastos que se determinen, en virtude do orzamento aprobado e a correspondente xustificación documental.

ANEXO AOS ESTATUTOS

Descrición das finalidades expostas nos Estatutos

4.1. Recoñecemento, potenciación e valorización do turismo industrial como produto turístico e elemento de dinamización socioeconómico do territorio.

O principal obxectivo da futura rede debería ser conseguir o recoñecemento e a

potenciación do turismo industrial como produto turístico, a fin de obter o seu posicionamento. Para iso debería fomentar liñas que favorezan a divulgación, a formación e a valoración do turismo industrial, tanto no ámbito institucional, como nos sectores profesionais e empresariais, académicos así como entre o público. O desenvolvemento de tales liñas levaríase a cabo mediante accións diversas, por exemplo, a introdución do turismo industrial nos plans académicos de titulacións relacionadas co sector ou nos temarios de probas de habilitación dos guías turísticos; a organización de viaxes de familiarización con axentes do sector e con profesionais da comunicación a organización de xornadas sobre o tema, etc.

4.2. Desenvolver proxectos en beneficio e interese dos obxectivos dos seus integrantes.

Un dos principais labores da rede sería a creación de produtos turísticos cos integrantes da rede. Dunha maneira máis global, a Rede poría en marcha proxectos para traballar os seus obxectivos promocionais, comercializadores, divulgativos, formativos, de calidade, etc. A participación en cada proxecto sería discrecional para os integrantes, podendo decidir en cada caso se desexan participar ou non.

4.3. Ofrecer servizos e desenvolver ferramentas para os seus integrantes e para terceiros.

A Rede podería ofrecer servizos de asesoramento e de xestión, así como desenvolver instrumentos que faciliten o traballo comunitario virtual, ferramentas para a formación e a comercialización (ex.: manuais, documentación, central de reservas) e para a promoción e comunicación (ex.: edición dunha newsletter). Os devanditos servizos e ferramentas tamén poderían ser ofrecidos a terceiros nas condicións que se conveñan.

4.4. Promover a oferta de turismo industrial representada polos seus asociados e contribuír á súa comercialización

Mediante a creación dunha web de presentación da Rede e que concentre a oferta representada polos seus socios. Creando materiais de promoción, asistindo a feiras e workshops; organizando press trips e fam trips, co fin de conseguir a integración do turismo industrial en paquetes turísticos e catálogos de turoperadores. Tamén integrando a súa oferta nas liñas de promoción impulsadas desde organismos de promoción turística das diferentes CCAA e de Turespaña. Neste sentido, para os efectos de comercialización, a Rede debe ser equiparada como un club de produto turístico a nivel nacional e recoñecida por Turespaña e as Comunidades Autónomas.

4.5. Promover, a través do turismo industrial a sensibilización polos valores da cultura industrial pasada e presente

As actuacións desenvolvidas pola Rede, así como os seus asociados, levarían implícita a posta en valor da cultura da industria, tanto pasada como presente, nas súas manifestacións tanxibles e intanxibles, buscando unha maior difusión e sensibilización por estes elementos culturais e a súa necesidade de preservación e posta en valor.

4.6. Velar pola calidade do turismo industrial

A Rede, velará pola calidade da oferta de turismo industrial representada, pondo os medios dispoñibles ao dispor dos seus asociados para melloralala, incentivando a aplicación de manuais e metodoloxías de boas prácticas e as normativas aplicables (SICTED, marca “Q” de turismo industrial, etc.)

4.7. Fomentar a colaboración, o intercambio de coñecementos e a creación de sinerxías entre os integrantes da Rede, así como con outras organizacións, tanto a nivel nacional como internacional

Estimularíanse as sinerxías, colaboracións e contactos entre os membros da Rede, mediante foros de debate virtuais, con xornadas presenciais e organizando visitas de benchmarking, facendo que as experiencias duns redundasen en beneficio de todos. Do mesmo xeito, tentaríase facer extensivo o coñecemento doutras experiencias de interese externas á rede.

Ademais de compartir experiencias tamén sería desexable compartir recursos e proxectos. De maneira que produtos turísticos como rutas, ou paquetes, fosen compartidos entre asociados de distintos ámbitos territoriais.

4.8. Ser interlocutora do sector con organismos públicos e privados do ámbito estatal e internacional

A rede, en tanto que fose representativa do sector, conseguindo ser unha “rede de redes de turismo industrial” en España, podería desempeñar un papel de representatividade do turismo industrial, cos distintos axentes institucionais, públicos e privados, tanto nacionais como internacionais.

4.9. Ter presenza nos foros e iniciativas de interese para os obxectivos da rede.

En razón do exposto no punto anterior, a rede debería estar presente nos distintos foros e iniciativas que se desenvolvan e que poidan ser de interese para os seus obxectivos dos seus integrantes, converténdose en antena e portavoz destes.

Nese sentido, debería estar especialmente atenta a todo aquilo que afectase os aspectos relativos á calidade, normativa e desenvolvemento do produto turístico que representa.

4.10. Efectuar as funcións de observatorio e centro de coñecemento e innovación do sector.

A Rede actuará como Observatorio de Turismo Industrial, impulsando estudos e enquisas que permitan dispor de datos e indicadores sobre a oferta e a demanda, coñecer a procedencia, gustos e preferencias dos clientes, cuxa motivación da viaxe sexa o Turismo Industrial e así poder expor políticas e estratexias para o desenvolvemento do devandito turismo. Así mesmo promoverá, na medida das súas posibilidades, aqueles proxectos que permitan avanzar no coñecemento e a innovación da industria turística, mediante a súa aplicación ao turismo industrial

4.11. Lograr o posicionamento de España como destino de turismo industrial

O conxunto de obxectivos expostos nos puntos anteriores debería perseguir que España fose recoñecida nos mercados como un destino de turismo industrial de interese e de calidade. Ben pola súa oferta específica, ben por estar integrada esta no conxunto da oferta turística que ofrece o país.

4.12. Desestacionalizar a demanda en destinos turísticos e promover a actividade turística en territorios non considerados tradicionalmente turísticos, a través do turismo industrial

A Rede promoverá o turismo industrial como elemento desestacionalizador da demanda en destinos tradicionalmente turísticos, co fin de conseguir unha maior ocupación en tempada baixa que mellore os resultados das empresas e supoña un beneficio para a poboación local, incrementando a actividade económica ao longo do ano, xerando postos de traballo e mellorando a calidade de vida. Do mesmo xeito promoverá o turismo industrial como elemento xerador de actividade turística en territorios non considerados tradicionalmente como turísticos.

1.- D. Diego Calvo Pouso
Rodríguez *Deputación da Coruña*
Turismo de Segovia
N.I.F 32659962-P

2.- D. José Carlos Monsalve
Padroado Provincial de
N.I.F 12190078-D

3.- D. José Enrique Garrigós Ibáñez
Alonso
Cámara de Comercio, Industria e
Toledo
Navegación de Alacante
N.I.F 36542164V

4.- D. Fernando Jerez
Cámara de Comercio e Industria de
N.I.F 03828190-R

5.-D. Ángel Juan Pascual
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Cádiz
N.I.F 32385588-H

6.- D. Antonio Ramírez de Arellano López
Universidade de Sevilla
N.I.F. 28874086-R

2.- Aprobar a acta fundacional da “Red Española de Turismo Industrial RETI” na que quedaron incorporados os estatutos da asociación, a determinación dos membros fundadores desta e a cota de Asociación.

ACTA FUNDACIONAL DA ASOCIACIÓN

Red Española de Turismo Industrial (RETI)

Na cidade da Coruña, o día 31 de maio de 2012, ás 10 horas, reúnense as persoas xurídicas que a continuación se detallan:

A Deputación Provincial da Coruña, con CIF P-1500000-C, e domicilio social en Avda. Alférez Provisional, 2 - 15006 A Coruña, representada por D. Diego Calvo Pouso, na súa condición de presidente, en virtude de sesión constitutiva celebrada o 12 de xullo de 2011 na Excelentísima Deputación da Coruña, cargo que desempeña na actualidade.

A Cámara Oficial de Comercio e Industria de Toledo, Corporación de Dereito Público, con CIF Q4573001G e domicilio social en Praza San Vicente, 3 - 45001 Toledo, representada por D. Fernando Jerez Alonso, na súa condición de presidente, e que o habilita de acordo co establecido no artigo 7.1.c) da Lei 3/93, do 22 de marzo, básica das Cámaras de Comercio, e en virtude dos acordos adoptados na sesión ordinaria do Pleno do 24 de marzo de 2010.

O Padroado Provincial de Turismo de Segovia, con CIF P-9000001-I, e domicilio social en Praza Maior, 9 40001 SEGOVIA, representada por D. José Carlos Monsalve Rodríguez, na súa condición de vicepresidente, en virtude do artigo 7º dos Estatutos do Padroado Provincial de Turismo, segundo os cales o vicepresidente coincidirá co deputado Delegado de Turismo.

A Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Alacante, Corporación de Dereito Público, con CIF Q0373001G e domicilio social en Alacante na rúa Cervantes, 3, representada por D. José Enrique Garrigós Ibáñez, na súa condición de presidente, cargo que ten en virtude de elección efectuada polo Pleno na súa sesión celebrada o 24 de maio de 2010 e que o habilita de acordo co establecido no artigo 7.1.c) da Lei 3/93, do 22 de marzo, básica das Cámaras de Comercio.

A Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Cádiz, Corporación de Dereito Público, con CIF Q1173001G e domicilio social en Cádiz, na rúa Antonio López, 4, representada por D. Angel Juan Pascual, na súa condición de presidente, cargo que ten en virtude de elección efectuada polo Pleno na súa sesión celebrada o 04 de decembro de 2008 e que o habilita de acordo co establecido no artigo 7.1.c) da Lei 3/93, de 22 de marzo, básica das Cámaras de Comercio, e en virtude dos acordos adoptados na sesión ordinaria do Comité Executivo do 24 de maio de 2006.

Promoción Desarrollo Económico y Turismo, S.A.U. (Prodetur, S.A.U.), con C.I.F.: A-41.555.749, e domicilio social en C/Leonardo da Vinci, 16, Isla de la Cartuja Sevilla, representada por D^a. M^a Dolores Bravo García, na súa condición de presidenta, cargo que ten en virtude da Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Sevilla,

número 2.942 de 7 de xullo de 2011 e D. Amador Sánchez Martín, na súa condición de xerente por acordo do Consello de Administración en sesión celebrada o día 15 de decembro de 2011.

Os cales, por unanimidade, **ACORDAN**:

PRIMEIRO.- Constituír a asociación denominada **Red Española de Turismo Industrial (RETI)** ao amparo da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

SEGUNDO.- Aprobar os Estatutos que se incorporan a esta acta fundacional como anexo, polos que se vai rexer a entidade, que foron lidos neste mesmo acto e aprobados por unanimidade dos reunidos.

TERCEIRO.- Proceder, en calidade de Asemblea Xeral constitutiva da Asociación, a designar os membros que compoñen a Xunta Directiva:

Presidencia: A Deputación da Coruña, representada por D. Diego Calvo Pouso

Vicepresidencia primeira: O Padroado Provincial de Turismo de Segovia, representado por D. José Carlos Monsalve Rodríguez

Vicepresidencia segunda: A Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Alacante representado por D. José Enrique Garrigós Ibáñez

Secretaría -Tesourería: A Cámara Oficial de Comercio e Industria de Toledo representado por D. Fernando Jerez Alonso

Vogal: A Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Cádiz representado D. Ángel Juan Pascual

Vogal: Promoción Desarrollo Económico y Turismo, S.A.U. (Prodetur, S.A.U.), representada por D. Amador Sánchez Martín

CUARTO.- Consentir á Administración encargada da inscrición rexistral para que sexan comprobados os datos de identidade dos asinantes. (Real Decreto 522/2006, de 28 de abril – B.O.E. núm. 110, de 9 de maio de 2006)

QUINTO.- Facultar á Secretaría da Asociación para que eleve a pública a presente acta, os Estatutos e a correspondente resolución de inscrición rexistral.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as 12 horas do día da data.

D. Diego Calvo Pouso

D. José Carlos Monsalve Rodríguez

N.I.F 32659962-P

N.I.F 12190078-D

D. José Enrique Garrigós Ibáñez

D. Fernando Jerez Alonso

N.I.F 36542164V

N.I.F 03828190-R

5.-D. Angel Juan Pascual

6.- D^a M^a Dolores Bravo García

N.I.F 32385588-H

N.I.F. 28.876.116 –F

D. Amador Sánchez Martín

N.I.F. 75.434.645-G

3.- Designar como representante da Deputación Provincial da Coruña ante a asociación “Red Española de Turismo Industrial RETI” ao sr. deputado provincial e presidente da comisión de Promoción Económica Emprego Medio Ambiente e Turismo, Antonio Cañas Varela.”

16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS, CENTRO COMERCIAL ABERTO, PARA O PLAN DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL PARA A CAMPAÑA DE NADAL 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.), CIF G15153869, para financiar as actividades no “Plan de promoción e dinamización do comercio local para a Campaña de Nadal 2012”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,99 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/414B/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.)

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o señor Don Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, Dona Antonia Anido Díaz, con DNI núm. 76340097S, en representación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.)

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) consideran de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a dedicada ao pequeno comercio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.), CIF G15153869, para o financiamento das actividades do “Plan de promoción e dinamización do comercio local para a Campaña de Nadal 2012”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL:..... 1.100,00 €	1.100,00 €
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS:	
Monitores e animación..... 5.445,00 €	
Aluguer carpa Campaña Nadal..... 9.075,00 €	
Aluguer pista ecolóxica	
Campaña Nadal 4.650,00 €	
Publicidade e material promocional.. 2.600,00 €	
Premio..... 2.000,00 €	
Notaría 131,47 €	23.901,47 €
TOTAL	25.001,47 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 79,99%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 79,99% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste

convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE

BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o

pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.C.E.BE.C.C.A.), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
DE COMERCIANTES Y
EMPRESARIOS/AS DE
BETANZOS CENTRO
COMERCIAL ABERTO
(A.C.E.BE.C.C.A.)”

DON DIEGO CALVO POUSO

17.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o 26 de outubro de 2012, publicadas no BOP nº 207 do 30 de outubro de 2012, e modificadas mediante o acordo plenario do 21 de decembro de 2012 e publicadas no BOP nº 248 do 31 de decembro de 2012

Vistos os proxectos e demais documentación que están correctos e completos relativos á anualidade 2013 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que foron presentados polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en outubro de 2012

1.- Aprobar a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2013, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados en que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura [no anexo I](#) (POS - obras de investimento) e [anexo II](#) (POS - gastos correntes) a este acordo.

		POS 2013 - 1ª fase (78 concellos)		
		DESAGREGACIÓN DE FINANCIAMENTO		
SECCIÓN	PARTIDA	DEP.-F. P.	CONCELLO	TOTAL
POS- gastos correntes	0501 / 459A / 46201	6.876.908,89	0,00	6.876.908,89
POS- obras de investimento	0501 / 459A / 76201	12.802.401,13	746.866,98	13.549.268,11
	TOTAIS	19.679.310,02	746.866,98	20.426.177,00

2.- Aprobar os proxectos das obras incluídas no apartado POS - obras de investimento. No entanto, a aprobación definitiva das obras que no anexo I teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo I.

3.- Aprobar o Plan complementario ao apartado POS - obras de investimento, no que se inclúen as obras que se detallan [no anexo III](#) a este acordo. Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo aos remanentes que se puidesen xerar por anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

Aprobar, así mesmo, os proxectos das obras incluídas no Plan complementario. No entanto, a aprobación definitiva das obras que no anexo III teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo III.

4.- A contratación das obras incluídas no apartado POS - obras de investimento realizaranas os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que optaron por destinar unha parte da cantidade asignada no POS 2013 ao financiamento dos seus gastos correntes previstos para o exercicio 2013, cuxa relación e importe a transferir figura no anexo II a este acordo.

O devandito pago realizarase con cargo á partida 0501/459A/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente.

6.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

7.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

8.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.”

Anexo I: Obras do POS- obras de investimento 2013

Concello	Código de obra	Denominación	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
ABEGONDO	13. 2100. 0001. 0.	Reparación cmño. entre Vilar-Crendes e Torreiro	52.952,32	0,00	52.952,32	Acreditación obtención autorización Axenc. Galega Infraestr. Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia Acreditación obtención autorización da Deputación Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
	13. 2100. 0002. 0.	Reparación cmños. nas prrqs. Vilacoba e Folgoso	36.937,47	0,00	36.937,47	
	13. 2100. 0003. 0.	Saneamento na Aldea de Abaixo - Cos	84.668,84	0,00	84.668,84	
	TOTAL		174.558,63	0,00	174.558,63	
ARANGA	13. 2100. 0004. 0.	Mellora paviment. Feás, Vilarraso e Fervenzas	48.570,74	2.657,76	51.228,50	Acreditación obtención autorización Ministerio de Fomento
	13. 2100. 0005. 0.	Mellora paviment. prrq. en Cambás e Aranga	100.052,86	5.474,85	105.527,71	
	13. 2100. 0006. 0.	Ampl. abast. prrq. Fervenzas, Muniferral e Aranga	53.577,72	2.931,74	56.509,46	
	TOTAL		202.201,32	11.064,35	213.265,67	
ARES	13. 2100. 0007. 0.	Ampliación abastecemento en Cervas, 1ª fase	67.738,80	0,00	67.738,80	
TOTAL		67.738,80	0,00	67.738,80		
ARTEIXO	13. 2100. 0008. 0.	Rede abastec. na Grela, Corredoira, Telleira e ou.	87.730,90	23.475,72	111.206,62	
	13. 2100. 0009. 0.	Ampliación rede saneam. trav. da Groufa, e outr.	100.445,16	26.880,43	127.325,59	
	13. 2100. 0010. 0.	2ª Ampliación saneamento parroquia de Barrañán	84.520,77	22.616,73	107.137,50	

	13. 2100. 0011. 0.	Saneamento de fecais en Piñeiro	84.618,16	22.642,79	107.260,95	Acreditación obtención autorización Axenc. Galega Infraestru.
	13. 2100. 0012. 0.	Saneamento en Turreiro-Ervedíns. Loureda	36.390,30	9.737,60	46.127,90	Acreditación obtención autorización da Deputación
	13. 2100. 0013. 0.	Ampliación saneamento parroquia de Oseiro	35.520,64	9.504,89	45.025,53	
	13. 2100. 0014. 0.	Saneamento en Borroa de arriba, de baixo e ou.	106.248,14	28.436,16	134.684,30	
		TOTAL	535.474,07	143.294,32	678.768,39	
ARZÚA	13. 2100. 0015. 0.	Camiño Quintas a Outeiro (Burras)	36.106,17	1.900,33	38.006,50	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	13. 2100. 0016. 0.	Camiño A Pena-Igrexa (San Martiño)	31.003,53	1.631,77	32.635,30	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
	13. 2100. 0017. 0.	Reposición pavimento contorno mercado	68.065,90	3.582,42	71.648,32	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
	13. 2100. 0018. 0.	Camiño de Torneiros (A Mella) e outro	41.328,87	2.175,20	43.504,07	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	176.504,47	9.289,72	185.794,19	Acreditación obtención autorización Axenc. Galega Infraestru.
BAÑA (A)	13. 2100. 0019. 0.	Paviment.vías Carballeira, Gosende e Estación	38.220,41	2.011,61	40.232,02	
	13. 2100. 0020. 0.	Paviment.en Corneira,Vilaríño,Vilar da Cima e ou.	35.253,51	1.855,45	37.108,96	
	13. 2100. 0021. 0.	Paviment.en Lañas,Vilar de Suso e Vilar (Marcelle)	30.970,76	1.630,05	32.600,81	
	13. 2100. 0022. 0.	Pavimentación vías públicas en Menlle e Alde	37.405,09	1.968,69	39.373,78	
		TOTAL	141.849,77	7.465,80	149.315,57	
BOIMORTO	13. 2100. 0023. 0.	Mellora verquido depuradora Lobomorto (Arceo)	30.812,12	0,00	30.812,12	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	13. 2100. 0024. 0.	Mellora cmños. en Santalla,Fornelos,Igrexa e ou.	47.639,59	0,00	47.639,59	
		TOTAL	78.451,71	0,00	78.451,71	
BOIRO	13. 2100. 0025. 0.	Pavimentos en Arribada, Baliño e Pontellón	88.096,50	10.720,92	98.817,42	
	13. 2100. 0026. 0.	Accesos a cemiterio municipal e Chazo	83.593,04	10.172,87	93.765,91	
	13. 2100. 0027. 0.	Pavimentos en Gramelo, Rexidor e Pombais	81.520,05	9.920,59	91.440,64	
	13. 2100. 0028. 0.	Accesos a Montedeira e Esteiro	64.122,47	7.803,39	71.925,86	
	13. 2100. 0029. 0.	Pavimentos en Bealo, Atixo, Seán e Mosquete	56.878,71	6.921,86	63.800,57	
		TOTAL	374.210,77	45.539,63	419.750,40	
BOQUEIXÓN	13. 2100. 0030. 0.	Camiño de Villalpez a Rebordaos	158.515,94	0,00	158.515,94	
		TOTAL	158.515,94	0,00	158.515,94	
BRIÓN	13. 2100. 0031. 0.	Mantemento beirarrúas prrq. Brión e Os Ánxeles	35.485,00	2.265,00	37.750,00	
	13. 2100. 0032. 0.	Mantemento estradas Aldea Vioxo de Arriba e ou.	57.943,70	27.626,88	85.570,58	
		TOTAL	93.428,70	29.891,88	123.320,58	
CABANA DE BERG.	13. 2100. 0033. 0.	Reparac. estra. Buzaco, Praia Rebordelo e ou.	76.798,03	0,00	76.798,03	
	13. 2100. 0034. 0.	Reparac. estra. Eirita, Cotaredo, Folgoso e ou.	85.794,29	0,00	85.794,29	
		TOTAL	162.592,32	0,00	162.592,32	
CABANAS	13. 2100. 0035. 0.	Sanenam. nos Batáns (San Martiño do Porto) 1ª f.	78.142,96	4.112,79	82.255,75	
		TOTAL	78.142,96	4.112,79	82.255,75	

CAMARIÑAS	13. 2100. 0036. 0.	Subst. paviment.r/Calvario e trav/ Eugenio López	114.185,22	0,00	114.185,22	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	114.185,22	0,00	114.185,22	
CAMBRE	13. 2100. 0037. 0.	Renov.firme prrqs.Sta.Mª de Vigo, Pravio e ou.	227.834,30	0,00	227.834,30	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio Acreditación obtención autorización da Deputación
		TOTAL	227.834,30	0,00	227.834,30	
CAPELA (A)	13. 2100. 0038. 0.	Ampliación saneamento As Neves- Os Picos	85.500,00	4.500,00	90.000,00	
		TOTAL	85.500,00	4.500,00	90.000,00	
CARBALLO	13. 2100. 0039. 0.	Saneamento en Castelo, 2ª fase (Vilela)	122.592,38	6.452,24	129.044,62	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia Acreditación obtención autorización da Deputación
	13. 2100. 0040. 0.	Mell. abast. Xoane (Goiáns) e Carracedo (Ardaña)	101.988,00	5.367,80	107.355,80	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia Acreditación obtención autorización Axenc. Galega Infraestru.
	13. 2100. 0041. 0.	Mellora cmños. en Razo, Sofán,Berdillo, Lema e ou.	88.385,82	4.651,89	93.037,71	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	312.966,20	16.471,93	329.438,13	
CARNOTA	13. 2100. 0042. 0.	Obras conservación pavillón polideportivo	70.732,70	7.767,30	78.500,00	
		TOTAL	70.732,70	7.767,30	78.500,00	
CARRAL	13. 2100. 0043. 0.	Rep.asf. pista Tarroeira, rúa "A",ac.Penedo e out.	114.431,19	0,00	114.431,19	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio Acreditación obtención autorización da deputación
		TOTAL	114.431,19	0,00	114.431,19	
CEDEIRA	13. 2100. 0044. 0.	Mellora espazos peonís Praza Galicia e outros	102.696,29	5.405,07	108.101,36	Acreditación obtención autorización S. Urbanismo, C. Med. Ambien.
	13. 2100. 0045. 0.	Reparación viais Sisalde - Hedreiros	29.973,57	1.577,56	31.551,13	
	13. 2100. 0046. 0.	Ampliación abastecem. Virizo, Montemeao e ou.	93.224,50	4.906,55	98.131,05	
		TOTAL	225.894,36	11.889,18	237.783,54	
CEE	13. 2100. 0047. 0.	Acondicionam. e mellora do acceso oeste a Gures	45.627,51	2.281,38	47.908,89	
	13. 2100. 0048. 0.	Saneamento e pavimentación en Toba	37.821,71	1.891,08	39.712,79	
		TOTAL	83.449,22	4.172,46	87.621,68	
CERDIDO	13. 2100. 0049. 0.	Camiño cruce do río a Penadovico e outros	36.092,45	1.804,62	37.897,07	
	13. 2100. 0050. 0.	Camiño de Seoane (A Barqueira) e outros	35.111,96	1.755,60	36.867,56	
		TOTAL	71.204,41	3.560,22	74.764,63	
CESURAS	13. 2100. 0051. 0.	Mellora cmños. en Trasanquelos, Barranca e out.	77.542,77	4.081,20	81.623,97	
		TOTAL	77.542,77	4.081,20	81.623,97	
COIRÓS	13. 2100. 0052. 0.	Saneamento na Espenuca	48.210,40	0,00	48.210,40	
		TOTAL	48.210,40	0,00	48.210,40	
CORCUBIÓN	13. 2100. 0053. 0.	Mellora saneam. e paviment. Avda.	37.014,85	1.948,15	38.963,00	Acreditación obtención autorización

		Rosalía Castro				Axenc. Galega Infraestru.
		TOTAL	37.014,85	1.948,15	38.963,00	
CORUÑA (A)	13. 2100. 0054. 0.	Rede de sumidoiros separativa rúa Viena	165.684,63	0,00	165.684,63	
		TOTAL	165.684,63	0,00	165.684,63	
CURTIS	13. 2100. 0055. 0.	Rehabilit. cmñs. prrq. Sta. Eulaia, Foxado e Fisteus	89.443,77	9.415,13	98.858,90	
		TOTAL	89.443,77	9.415,13	98.858,90	
DODRO	13. 2100. 0056. 0.	Pavimentación camiño principal de Vigo	45.592,99	2.820,68	48.413,67	
		TOTAL	45.592,99	2.820,68	48.413,67	
DUMBRÍA	13. 2100. 0057. 0.	Pavimenta. estrada. Sarteguas (Berdeogas) e ou.	75.201,61	17.468,43	92.670,04	
	13. 2100. 0058. 0.	Pavimentación en Sabade (Berdeogas)	75.201,61	7.421,98	82.623,59	
		TOTAL	150.403,22	24.890,41	175.293,63	
FENE	13. 2100. 0059. 0.	Pav. estrada Laraxe a Souto de Cal (Limodre)	31.519,71	1.658,93	33.178,64	
	13. 2100. 0060. 0.	Pav. S. Valentín (entre bloq. XI e XII), Perlío	68.387,68	3.599,35	71.987,03	
		TOTAL	99.907,39	5.258,28	105.165,67	
FISTERRA	13. 2100. 0061. 0.	Saneamento de fecais e paviment. en Mallas	74.134,69	0,00	74.134,69	
		TOTAL	74.134,69	0,00	74.134,69	
FRADES	13. 2100. 0062. 0.	Conser. rede viaria Moar, Galegos e Frades	53.580,59	0,00	53.580,59	
	13. 2100. 0063. 0.	Conser. rede viaria Aiazos, Papucín, Mesos e ou.	45.307,80	0,00	45.307,80	
	13. 2100. 0064. 0.	Conser. rede viaria Gafoi, Ledoir, Añá e Vitre	59.998,79	0,00	59.998,79	
		TOTAL	158.887,18	0,00	158.887,18	
IRIXOA	13. 2100. 0065. 0.	Estación depurado augas residuais Irixoa	104.655,00	5.544,92	110.199,92	Acreditación obtención autorización Axenc. Galega Infraestru. Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	104.655,00	5.544,92	110.199,92	
LAXE	13. 2100. 0066. 0.	Mellora das instalacións na E.T.A.P. de Laxe	104.557,78	5.503,05	110.060,83	Acreditación obtención autorización do concello de Vimianzo Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	104.557,78	5.503,05	110.060,83	
LARACHA (A)	13. 2100. 0067. 0.	Saneamento prrq. de Coiro, Lendo e Soutullo	38.959,42	3.777,99	42.737,41	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	13. 2100. 0068. 0.	Renovación firme camiños parroquia de Caión	42.270,89	4.099,11	46.370,00	
	13. 2100. 0069. 0.	Rehabilit. firme cmñs. prrq. Cabovilaño e Torás	39.251,77	3.618,23	42.870,00	
	13. 2100. 0070. 0.	Rehabilit. firme cmñs. prrq. Coiro, Lemaio e Vilaño	53.135,48	5.349,52	58.485,00	
		TOTAL	173.617,56	16.844,85	190.462,41	
LOUSAME	13. 2100. 0071. 0.	Camiño Portela a Ponte da Portela	49.674,67	2.614,46	52.289,13	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	13. 2100. 0072. 0.	Senda peonil en Marracín, Tramo II	47.450,13	2.497,38	49.947,51	
		TOTAL	97.124,80	5.111,84	102.236,64	

MALPICA DE BERG.	13. 2100. 0073. 0.	Paviment. e infraestru. rúa As Neves Tramo I	69.818,23	3.674,64	73.492,87	
	13. 2100. 0074. 0.	Paviment. Brión e rúa A costa - Tramo I Buño	28.592,19	1.504,85	30.097,04	
	TOTAL		98.410,42	5.179,49	103.589,91	
MAÑÓN	13. 2100. 0075. 0.	Saneam. no Barqueiro (estrada Ferrol-Viveiro)	66.750,37	3.513,18	70.263,55	Acreditación obtención autorización Axenc. Galega Infraestru.
	13. 2100. 0076. 0.	Pavimentación interior en Fraixo e outro	41.918,09	2.206,22	44.124,31	
	TOTAL		108.668,46	5.719,40	114.387,86	
MAZARICOS	13. 2100. 0077. 0.	Mell.afirmado cms.prrq.Colúns,S.Cosme,Alborés	75.234,50	3.960,00	79.194,50	
	13. 2100. 0078. 0.	Mellora afirmado cms. prrq. Chacín e Maroñas	68.258,01	3.593,00	71.851,01	
	13. 2100. 0079. 0.	Mellora afirmado cms. prrq. Coiro,Beba e Eirón	66.343,15	3.492,00	69.835,15	
	TOTAL		209.835,66	11.045,00	220.880,66	
MESÍA	13. 2100. 0080. 0.	Acometidas auga concello, III fase (Cabruí)	94.148,66	4.955,20	99.103,86	
TOTAL		94.148,66	4.955,20	99.103,86		
MIÑO	13. 2100. 0081. 0.	Paviment.viais en Bollo, Sambollo,Sombreu e ou.	94.856,52	4.992,45	99.848,97	
TOTAL		94.856,52	4.992,45	99.848,97		
MOECHE	13. 2100. 0082. 0.	Substitución EDAR nas Pedreiras (S.Ramón)	42.784,24	2.251,80	45.036,04	
	13. 2100. 0083. 0.	Camiño Requiá	43.191,54	2.273,24	45.464,78	
	TOTAL		85.975,78	4.525,04	90.500,82	
MUXÍA	13. 2100. 0084. 0.	Rehabilitación praza Os Piratas e arredores	30.394,86	1.663,00	32.057,86	
	13. 2100. 0085. 0.	Acond. viais en Merexo, Prado, Cartel e Vilamaior	74.129,06	3.964,70	78.093,76	
	13. 2100. 0086. 0.	Acond. en Vilastose, Fumiño, Bergantiños e out.	43.969,41	2.377,34	46.346,75	
	13. 2100. 0087. 0.	Acondicionam. pista Sambade-Ponte Constante	50.292,85	2.710,16	53.003,01	
	13. 2100. 0088. 0.	Acondic. camiños Quintans, Os Muíños e Vilarmide	28.520,68	1.564,26	30.084,94	
	13. 2100. 0089. 0.	Acondic. camiño Prado da Costa (Peropombo-Suxo)	41.090,43	2.228,93	43.319,36	Acreditación de ratificación no Pleno municipal do cambio de obra
	TOTAL		268.397,29	14.508,39	282.905,68	
MUROS	13. 2100. 0090. 0.	Mellora rede sumidoiros Virxe do Camiño e ou.	90.320,29	7.336,92	97.657,21	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
	13. 2100. 0091. 0.	Acondicionamento Rúa dos Mirtos (Serres)	33.740,02	2.740,78	36.480,80	
	13. 2100. 0092. 0.	Camiños en Esteiro e Tal	48.991,21	3.979,67	52.970,88	
	13. 2100. 0093. 0.	Camiños en Torea	44.693,41	3.630,55	48.323,96	
	13. 2100. 0094. 0.	Camiños en Louro	31.629,01	2.569,30	34.198,31	
	TOTAL		249.373,94	20.257,22	269.631,16	
NARÓN	13. 2100. 0095. 0.	Saneamento Modia e senda peonil Doso	38.777,19	2.190,98	40.968,17	
	13. 2100. 0096. 0.	Paviment.r/Ortega y Gasset, Os Vicas e ou.	75.494,30	4.265,57	79.759,87	
	13. 2100. 0097. 0.	Paviment. cmñíos. Vidueiro, Rio Cortés e ou.	87.755,38	4.958,34	92.713,72	
	13. 2100. 0098. 0.	Paviment.cmñíos. A Torre, Santá e Martianes	64.520,34	3.645,53	68.165,87	
	13. 2100. 0099. 0.	Alumeado pública Sta. Margarida (O Val)	15.452,79	15.347,54	30.800,33	
	TOTAL		282.000,00	30.407,96	312.407,96	

NEGREIRA	13. 2100. 0100. 0.	Pav. acceso Marcelle dende estrada prov. e ou.	41.018,93	2.158,89	43.177,82	
	13. 2100. 0101. 0.	Pav.en Especedo,Bugallido,Vilaceiro, Covas-Zas	82.588,70	4.346,78	86.935,48	
	TOTAL		123.607,63	6.505,67	130.113,30	
NOIA	13. 2100. 0102. 0.	Reformulación de rúa a praza, pav.praza do Curro	264.672,51	15.540,03	280.212,54	
	TOTAL		264.672,51	15.540,03	280.212,54	
OLEIROS	13. 2100. 0103. 0.	Paviment. e melloras oito tramos viario mpal.	132.521,46	0,00	132.521,46	
	13. 2100. 0104. 0.	Rehabilitación fachadas en edificios mpais.	68.665,20	0,00	68.665,20	
	TOTAL		201.186,66	0,00	201.186,66	
ORDES	13. 2100. 0105. 0.	Camiño de Esmoris-estrada nacional (Buscas) e ou.	117.258,10	6.171,48	123.429,58	
	13. 2100. 0106. 0.	Cruce estrada N550 no Curro (Pereira) e outros	142.830,52	7.517,40	150.347,92	Acreditación obtención autorización Ministerio de Fomento
	13. 2100. 0107. 0.	Camiño do Castro á Igrexa (Leira) e outros	139.972,35	7.366,97	147.339,32	Acreditación obtención autorización Ministerio de Fomento
	TOTAL		400.060,97	21.055,85	421.116,82	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
ORTIGUEIRA	13. 2100. 0108. 0.	Aglomerado Sta. Marta de Ortigueira, Senra e ou.	86.238,54	4.538,87	90.777,41	
	13. 2100. 0109. 0.	Rexeneración pistas en Insua,Ermo,S.Adrián e ou.	100.579,66	5.293,67	105.873,33	
	13. 2100. 0110. 0.	Melloras parque infantil CEIP J.Maria Lage	32.955,41	1.734,50	34.689,91	
	13. 2100. 0111. 0.	Rehabilitación depuradora en S. Claudio	76.785,05	4.041,32	80.826,37	
TOTAL		296.558,66	15.608,36	312.167,02		
OUTES	13. 2100. 0112. 0.	Camiño interior en Vilar (Cando) e outros	54.221,98	2.853,79	57.075,77	
	13. 2100. 0113. 0.	Camiño Vilariño pola Campela (Freixo) e outros	54.747,19	2.881,44	57.628,63	
	TOTAL		108.969,17	5.735,23	114.704,40	
OZA DOS RIOS	13. 2100. 0114. 0.	Paviment. rúas Bandoxa, Rodeiro, Regueira e out.	76.872,31	4.045,91	80.918,22	
	TOTAL		76.872,31	4.045,91	80.918,22	
PADERNE	13. 2100. 0115. 0.	Mellora paviment. Velouzas, Souto, Paderne e ou.	55.754,16	0,00	55.754,16	
	TOTAL		55.754,16	0,00	55.754,16	
O PINO	13. 2100. 0116. 0.	Estrada Igrexa San Verísimo a Suso e ou.	60.363,73	3.177,04	63.540,77	
	13. 2100. 0117. 0.	Estrada Pedrouzo a Bama (límite Touro) e ou.	62.027,00	3.264,58	65.291,58	
	13. 2100. 0118. 0.	Estrada Bugalleira a Pumar (Gonzar) e ou.	73.375,02	3.861,85	77.236,87	
	13. 2100. 0119. 0.	Pista polidep.Marquiño e pista padel Lameiro	84.599,63	4.452,62	89.052,25	
	TOTAL		280.365,38	14.756,09	295.121,47	
POBRA DO CARAM.	13. 2100. 0120. 0.	Saneam. no paseo párroco Luis Castelao (Xobre)	53.581,85	2.820,10	56.401,95	
	13. 2100. 0121. 0.	Saneam. en Ponte de S.Antón á Silva e Tarrío	47.011,39	2.474,28	49.485,67	

		TOTAL	100.593,24	5.294,38	105.887,62	
PONTECESO	13. 2100. 0122. 0.	Canalización serv. de CM-068040 a cemiterio Pazos	36.800,75	0,00	36.800,75	
	13. 2100. 0123. 0.	Rehab.CM-068036,CM-068142 e out.(Carrasqueira)	37.780,25	0,00	37.780,25	
	13. 2100. 0124. 0.	Rehabilitación superf. 3 rúas en Corne Aldea	77.391,33	0,00	77.391,33	
	TOTAL		151.972,33	0,00	151.972,33	
PORTO DO SON	13. 2100. 0125. 0.	Ampliación do vial de acceso ao Curro-Xuño	199.500,00	10.500,00	210.000,00	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
	TOTAL		199.500,00	10.500,00	210.000,00	
RIANXO	13. 2100. 0126. 0.	Rede saneam. na Laxe Grande-Taragoña-Rianxo	101.192,00	0,00	101.192,00	Acreditación obtención autorización Axenc. Galega Infraestru.
	13. 2100. 0127. 0.	Saneamento no lugar de Te (Taragoña)	72.670,22	0,00	72.670,22	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	TOTAL		173.862,22	0,00	173.862,22	Acreditación obtención autorización da Deputación
RIBEIRA	13. 2100. 0128. 0.	Pav. san. e pluv. praza en Sirves (Oliveira)	35.879,30	0,00	35.879,30	
	13. 2100. 0129. 0.	Pavimentación contorno igrexa de Artes	79.728,41	0,00	79.728,41	
	13. 2100. 0130. 0.	Pav., san.pluv. ac. praia do Prado (Corrubedo)	73.212,83	0,00	73.212,83	Acreditación obtención autorización S. Urbanismo, C. Med. Ambien.
	13. 2100. 0131. 0.	Pav.,agua e pluv. r/ Alto da Fonte (Castiñeiras)	35.915,14	0,00	35.915,14	
	13. 2100. 0132. 0.	Paviment. rúas Lagarto, Manuel Murguía e out.	50.694,93	0,00	50.694,93	Acreditación obtención autorización S. Urbanismo, C. Med. Ambien.
	13. 2100. 0133. 0.	Pavimentación explanada Porto de Palmeira	110.806,94	0,00	110.806,94	Acreditación obtención autorización da autorización de Portos de Galicia
TOTAL		386.237,55	0,00	386.237,55		
ROIS	13. 2100. 0134. 0.	Acondic. interiores en Sorribas e na rúa	73.657,84	5.344,96	79.002,80	
	13. 2100. 0135. 0.	Int.Casas Novas, Macedos. e abast.cemiterio Seira	67.685,46	4.911,58	72.597,04	
	TOTAL		141.343,30	10.256,54	151.599,84	
SADA	13. 2100. 0136. 0.	Pluviais, auga e paviment. cm. Fontán-Pazos	66.854,82	3.857,92	70.712,74	
	13. 2100. 0137. 0.	Pavimentación entre núms.38 e 39 Avda. Porto	29.692,41	1.713,43	31.405,84	
	13. 2100. 0138. 0.	Paviment.vías 01575427 e 01575110, Soñeiro	97.521,17	5.627,54	103.148,71	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	13. 2100. 0139. 0.	Paviment.Espiñeiro,baixada Arnela (Carnodedo)	49.407,64	2.851,11	52.258,75	Acreditación obtención autorización de Costas da X. de Galicia
TOTAL		243.476,04	14.050,00	257.526,04	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio	
SAN SADURNIÑO	13. 2100. 0140. 0.	Implantación rede mpal. abastec. de auga	30.819,37	0,00	30.819,37	
	13. 2100. 0141. 0.	Paviment.cmños. O Cal (Lamas),Os Pontigos e out	32.069,55	0,00	32.069,55	
	13. 2100. 0142. 0.	Pav. cmños. Agra de Abaixo-Vilafunce e out.	32.263,36	0,00	32.263,36	
	13. 2100. 0143. 0.	Paseo O Campo-Piñeiro-A Longra (Naraío)	34.109,85	0,00	34.109,85	
	TOTAL		129.262,13	0,00	129.262,13	
SANTA COMBA	13. 2100. 0144. 0.	Paviment. Illa, Negreira de Vilamaior,Ventosa e ou.	96.606,12	5.084,54	101.690,66	
	13. 2100. 0145. 0.	Saneam. Sabaceda,Mallón e ou., berarrúas Busto	83.249,94	4.381,58	87.631,52	
	13. 2100. 0146. 0.	Pavimentación na Xesteira, en Padreiro e outros	85.219,55	4.485,24	89.704,79	
	13. 2100. 0147. 0.	Pavimentación en Armán,	53.644,85	2.823,42	56.468,27	

		Esmorode e outros				
			TOTAL	318.720,46	16.774,78	335.495,24
SANTIAGO DE C.	13. 2100. 0148. 0.	Mellora e acondicionamento viais parroq. Sabugueira	98.333,70	5.820,40		104.154,10
	13. 2100. 0149. 0.	Mellora e acondic. vial no Castro de Bando	38.461,51	2.276,55		40.738,06
	13. 2100. 0150. 0.	Mellora e acond. Cesar, Berdía, A Barciela e S. Caetano	47.223,90	2.795,20		50.019,10
	13. 2100. 0151. 0.	Mellora e acondicionamento vial no Eixo	33.488,46	1.982,19		35.470,65
	13. 2100. 0152. 0.	Mellora e acondic. vial parroquia de Bando	41.381,79	2.449,40		43.831,19
	13. 2100. 0153. 0.	Mellora e acond. viais parroquia de Marantes	55.259,99	3.270,85		58.530,84
	13. 2100. 0154. 0.	Mellora e acond. vial en Frades (A Barciela)	45.392,16	2.686,77		48.078,93
	13. 2100. 0155. 0.	Ampl. rede de abast. e saneam. Lavacolla (Sabugueira)	63.162,98	3.738,63		66.901,61
	13. 2100. 0156. 0.	Ampliación rede saneam lugar de Silvouta	31.488,72	1.863,83		33.352,55
	13. 2100. 0157. 0.	Ampl. rede saneam. Sarela de Arriba, prrq. A Peregrina	100.599,33	5.954,50		106.553,83
		TOTAL	554.792,54	32.838,32		587.630,86
SANTISO	13. 2100. 0158. 0.	Ampliac. saneam. Saa (Pezobre)	31.805,79	0,00		31.805,79 Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
	13. 2100. 0159. 0.	Cmñ. Agro do Chao-Ponte Cornella e out.	47.505,65	0,00		47.505,65 Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	79.311,44			79.311,44
SOBRADO	13. 2100. 0160. 0.	Acond.cms.Mesón, As Cruces e Pousada de Abaixo	55.704,78	0,00		55.704,78
	13. 2100. 0161. 0.	Acond.cms.Pousada de Abaixo, Ponte Tuela e out.	36.470,97	0,00		36.470,97
		TOTAL	92.175,75	0,00		92.175,75
AS SOMOZAS	13. 2100. 0162. 0.	Camiño Portelo-Pena de Portelo e outros	70.720,27	0,00		70.720,27
		TOTAL	70.720,27	0,00		70.720,27
TEO	13. 2100. 0163. 0.	Acond. vial Recesende-Catro Camiños	125.495,55	13.444,81		138.940,36
	13. 2100. 0164. 0.	Mellora rede abast. na Ribeira e de Oliveira a Fontelo	234.779,87	20.000,00		254.779,87
	13. 2100. 0165. 0.	Afirmado e acondic.camiño Lamela (Calo)	17.130,30	23.518,33		40.648,63 Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	377.405,72	56.963,14		434.368,86
TOQUES	13. 2100. 0166. 0.	Camiño das Fervenzas (Paradela-Brañas) e out.	63.622,11	0,00		63.622,11 Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
	13. 2100. 0167. 0.	Saneamento en Vilares (Paradela) e outros	81.217,54	0,00		81.217,54 Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	144.839,65	0,00		144.839,65 Acreditación obtención autorización Direc. Xeral Conserv. Natureza Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
TORDOIA	13. 2100. 0168. 0.	Camiño Brandoas-estrada xeral (Anxeriz) e out.	52.738,79	0,00		52.738,79
	13. 2100. 0169. 0.	Pavimentación en Sanmamede (Andoio) e outros	61.464,95	0,00		61.464,95
	13. 2100. 0170. 0.	Ampliación accesos Santaia (Gorgullos)	88.087,33	0,00		88.087,33
		TOTAL	202.291,07	0,00		202.291,07

TOURO	13. 2100. 0171. 0.	Acceso a Fontes Rosas desde pista Loxo e ou.	51.732,03	2.722,74	54.454,77	
	13. 2100. 0172. 0.	Afirmado cm.Touro-Santaia (ata área recr.) e ou.	43.129,91	2.270,00	45.399,91	
	13. 2100. 0173. 0.	Camiño da Abelenda e outros	43.081,84	2.267,47	45.349,31	
	TOTAL		137.943,78	7.260,21	145.203,99	
TRAZO	13. 2100. 0174. 0.	Paviment. cms.en Campo,Vilouchada e Monzo	52.268,06	2.750,95	55.019,01	
	13. 2100. 0175. 0.	Pavimentación camiños en Benza e Xavestre	81.011,68	4.263,77	85.275,45	
	TOTAL		133.279,74	7.014,72	140.294,46	
VAL DO DUBRA	13. 2100. 0176. 0.	Camiño cruce Portomeiro-Vilariño-Cornes e out	71.341,59	0,00	71.341,59	Acreditación obtención autorización da Deputación
	13. 2100. 0177. 0.	Camiño Ponte Rodis a Costa de Lal e out.	68.435,34		68.435,34	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia Acreditación obtención autorización Direc. Xeral Conserv. Natureza
	13. 2100. 0178. 0.	Camiño Bascuas-Maxais-Gontar-estr. Deputación e out	67.875,11		67.875,11	Acreditación obtención autorización da Deputación Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia Acreditación obtención autorización Direc. Xeral Conserv. Natureza
	TOTAL		207.652,04	0,00	207.652,04	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
VEDRA	13. 2100. 0179. 0.	Ampliación rede saneamento Paradela e Laraño	91.366,16	6.671,54	98.037,70	Acreditación da ratificación plenaria do acordo de aprobación
	13. 2100. 0180. 0.	Acond.cmños en Marzán de Abaixo, Piñeiro e ou.	45.843,84	4.948,74	50.792,58	Acreditación da ratificación plenaria do acordo de aprobación
	TOTAL		137.210,00	11.620,28	148.830,28	
VILASANTAR	13. 2100. 0181. 0.	Ampliación rede auga en Cernadas, Priorato e out.	35.979,45	0,00	35.979,45	
	13. 2100. 0182. 0.	Acondicionam. cmños. en Vilariño, Armental e out.	53.028,84	0,00	53.028,84	
	TOTAL		89.008,29		89.008,29	
VILARMAIOR	13. 2100. 0183. 0.	Pavimentación entorno As Lobeiras, Vilamateo	41.351,74	2.641,83	43.993,57	
TOTAL		41.351,74	2.641,83	43.993,57		
VIMIANZO	13. 2100. 0184. 0.	Saneamento en Sansobre	107.992,50	0,00	107.992,50	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	13. 2100. 0185. 0.	Saneamento en Riba da Regueira-Braño	58.500,00	0,00	58.500,00	Acreditación da obtención do informe de supervisión técnica
	13. 2100. 0186. 0.	Actuación no patrimonio mpal. en Tines e Serramo	30.525,88	0,00	30.525,88	Acreditación obtención autorización de Augas de Galicia
	TOTAL		197.018,38	0,00	197.018,38	
ZAS	13. 2100. 0187. 0.	Saneamento en Gontalde	118.669,70	6.377,40	125.047,10	
TOTAL		118.669,70	6.377,40	125.047,10		
CARIÑO	13. 2100. 0188. 0.	Pav. trav. das Casas da Area e Rúas do Pilar e ou.	97.405,48	0,00	97.405,48	
TOTAL		97.405,48	0,00	97.405,48		

TOTAL	12.802.401,13	746.866,98	13.549.268,11
-------	---------------	------------	---------------

NÚMERO DE CONCELLOS	78
---------------------	----

NÚMERO DE OBRAS	188
-----------------	-----

POS - 2013 -1ª FASE

Expediente de aprobación da 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2013)

ANEXO II -Gastos correntes

SUBVENCIÓN APLICADA A GASTOS CORRENTES

CONCELLO	
ABEGONDO	86.425,49
ARANGA	8.021,22
ARES	71.532,36
ARZÚA	189.622,74
BAÑA (A)	99.714,59
BOIMORTO	117.677,57
BOQUEIXÓN	55.701,07
BRIÓN	140.143,03
CABANA DE B.	71.125,30
CABANAS	59.765,29
CAMARIÑAS	62.060,35
CAMBRE	164.258,52
A CAPELA	40.911,58
CARBALLO	345.910,06
CARNOTA	106.099,03
CARRAL	78.047,56
CEDEIRA	12.451,40
CEE	125.173,83
CERDIDO	45.835,65
CESURAS	116.314,14
COIRÓS	68.771,95
CORCUBIÓN	37.013,52
CURTIS	134.165,65

DODRO	68.389,49
DUMBRÍA	90.000,00
FENE	149.861,03
FISTERRA	59.796,82
FRADES	39.638,27
IRIXOA	44.199,45
LAXE	46.228,25
LARACHA (A)	173.617,57
LOUSAME	103.993,83
MALPICA DE B.	102.298,07
MAÑÓN	53.510,00
MAZARICOS	130.659,33
MESÍA	130.571,89
MIÑO	84.173,04
MOECHE	35.748,89
MUXIA	7.262,12
NARÓN	313.867,04
NEGREIRA	185.411,44
OLEIROS	301.720,69
ORTIGUEIRA	132.198,70
OUTES	151.195,75
OZA DOS RIOS	115.308,45
PADERNE	83.631,23
POBRA DO C.	101.097,49
PONTECESO	108.820,39
PORTO DO SON	84.117,76
RIANXO	79.528,86
RIBEIRA	62.999,30
ROIS	94.228,86
SADA	23.380,71
SAN SADURNIÑO	76.112,01
SANTA COMBA	124.763,40
SANTISO	118.967,17
SOBRADO	138.263,62
AS SOMOZAS	97.240,29
TOQUES	29.101,56
TORDOIA	48.271,30
TOURO	136.277,35
TRAZO	89.982,65
VAL DO DUBRA	34.705,56
VEDRA	58.700,00
VILASANTAR	49.573,12
VILARMAIOR	62.027,60
VIMIANZO	183.646,67
ZAS	176.383,92
CARIÑO	58.696,05
TOTAL	6.876.908,89

Anexo III: Plan complementario á 1ª fase do POS 2013

Denominación	PRESUPOSTO	CONDICIÓN	
ABEGONDO	Rede de saneamento en Ardexuxo	118.822,54	Acreditación obtención autorización Deputación Acreditación obtención autorización Augas de Galicia
ARANGA	Pav.ctra. Reborica-Cambás (Reitoral ao Gallado)	30.992,72	
ARES	Ampliación abastecemento en Cervás, 2ª fase	30.286,23	
ARTEIXO	Saneamento r/Lagoceiros e Garbosa e outro	123.650,00	
ARZÚA	Camiño en Fonxe, Sta. María e outro	30.000,00	Acreditación obtención autorización da Axencia Galega de Infraest. Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
A BAÑA	Pavimentación v.p. en Nantón - Barro	32.883,72	
BOIMORTO	Mellora cmños. na Cabana, Aquelavila e ou.	30.000,00	
CAMBRE	Rede pluviais polígono do Temple e outras	165.401,63	Acreditación obtención autorización Deputación Acreditación obtención autorización Augas de Galicia
CAPELA (A)	Colector de saneamento en Sande	35.536,76	Acreditación obtención autorización Augas de Galicia
CARBALLO	Mellora cmños.parroquias Oza, Entrecruces e Rus	44.987,26	Acreditación obtención autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Acreditación obtención autorización Augas de Galicia
CARNOTA	Paviment. e saneamento no Alto do Vilar	38.170,73	
CEDEIRA	Reparación vías municipais Vila do Río e Saíñas	31.434,93	
CEE	Acond. e mellora vías As Campas-Grixa e Xallas	32.017,68	
CESURAS	Aglomerado de Rilo a Filgueira de Traba	30.354,50	
CORCUBIÓN	Acond.pista deportiva area recreo S. Roque	31.266,17	
CURTIS	Paviment.cmño.de Pontavila a Abeledo e ou.	44.324,60	
A LARACHA	Reforzo firme cmño. de acceso a Ganduma	36.142,00	
LOUSAME	Rectif.curva acceso igrexa e cemiterio S. Xoán	41.346,63	Acreditación obtención autorización Augas de Galicia Acreditación da obtención da titularidade dos terreos
MALPICA DE BERG.	Paviment.e infra.nas Neves, tramo II e outra	66.010,23	
MESÍA	Sistemas solares térmicos varios puntos concello	68.807,26	
MUROS	Mellora rede sumidoiros Virxe do Camiño	30.384,33	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral Patrimonio Acreditación obtención autorización Augas de Galicia Acreditación obtención autorización de Costas de Galicia
NARÓN	Afirmado e asfaltado en Carballos (O Val)	30.711,12	
OLEIROS	Plataforma peonil Avda.República Argentina nº79-81	30.358,54	
ORDES	Rúa Roberto Forján (CEIP Mesón do Vento)	30.956,33	
ORTIGUEIRA	Mellora vestiarios pavillón municipal CEIP	42.059,79	
OZA DOS RIOS	Aglom.do cruce Carraceda a núcleo de Oza	30.000,00	
PADERNE	Mellora paviment. cmño. Corredoira Vella e ou.	30.787,81	
PORTO DO SON	Reparación pav. na rúa Outeiro Baixo-Pto.do Son	33.100,00	
RIBEIRA	Pav. contorno "Cruceiro dos Remedios" (Deán) Pavimentación camiños en Bouza (Oliveira)	61.419,31 35.103,83	Acreditación obtención autorización Axencia galega de infraestruturas
ROIS	Afirmado e acond. pista Silvaredonda a Pereira Afirmado e acond. pista Vilachán-Sabacedo	71.066,35 81.029,34	
SADA	Pav. cm. de Costa, parroquia Sofeiro	49.996,72	Acreditación obtención autorización Augas de Galicia
SANTA COMBA	Abastecemento de auga a Pereira 1ª Fase	71.851,47	

SANTIAGO DE C.	Pista de Son de Abaixo (A Gracia) a Bargo	40.964,48	
TEO	Afirmado e acond. pista de Socastro, Calo	41.012,56	
TRAZO	Pavimentación camiños en Vilouchada e Polveira	33.785,81	
VAL DO DUBRA	Camiño Vilardoa-Cerradelo (Portomeiro) e out.	31.651,13	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral Patrimonio Acreditación obtención autorización Augas de Galicia Acreditación obtención autorización Axencia galega de infraestruc. Acreditación obtención autorización do Ministerio de Fomento
VIMIANZO	Melloras contorno cemiterio Carnés e outro	32.397,75	Acreditación obtención autorización Direc. Xeral de Patrimonio
TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO 1ª FASE		1.871.072,26	

NÚMERO DE CONCELLOS

NÚMERO DE OBRAS

18.- APROBACIÓN DA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de xullo de 2012 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 145 do 1 de agosto de 2012

Despois de ver as solicitudes que están correctas e completas presentadas polos concellos que máis adiante se detallan

1.- Aprobar a 4ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, cuxo resumo de cifras globais é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no anexo I a este acordo para o apartado A) de obras.

Aprobar os proxectos técnicos das obras e pregos das subministracións incluídas nesta fase do plan.

O resumo dos datos desta 4ª fase é o seguinte:

4ª FASE ANUALIDADE 2012 con 1 concello (apartado de obras) PLAN DTC-94 “Unha deputación para todos os concellos”				
APARTADO	PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
A) OBRAS E SUBMINISTRACIONES	0501/459G/76201	779.884,46	0,00	779.884,46
TOTAL 4ª FASE DTC 94		779.884,46	0,00	779.884,46

2.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado A realizarana os respectivos concellos de acordo co disposto na base 7, pero establécese como prazo para presentar a documentación indicada na citada base ata o 30 de xuño de 2013.

3.- A execución do plan e pago da achega provincial realizarase de acordo co establecido na base 8, pero coas seguintes ampliacións de prazos: para as actuacións do apartado A) de obras e subministracións, o prazo para a terminación das actuacións establécese ata o 30 de novembro de 2013.

4.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

5.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

4ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADO A

A) Obras e subministracións

CONCELLO	CODIGO DA OBRA	DENOMINACIÓN DA ACTUACION	FINANCIAMENTO			
			ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	
SANTIAGO DE COMPOSTELA	12.3280.0156.0	OBRAS REPA E MANT. NAS INST. OFICINA TUR. S. LAZARO	30.000,00	0,00	30.000,00	
	12.3280.0157.0	REF. E ACTUACIÓNS MELLORA NO ARQUIVO MPAL S. LÁZARO	31.566,94	0,00	31.566,94	
	12.3280.0158.0	REFORMA PISTA POLDVA. DO PQ. PABLO IGLESIAS	39.990,50	0,00	39.990,50	
	(*) 12.3280.0159.0	ACT. DE REPA. E MANT. NO EDIF. SERV. PQ. EUGENIO GRANELL	77.725,29	0,00	77.725,29	
	12.3280.0160.0	ACD. PARA CÉSPEDE TRANSITABLE R. GARCIA LORCA E CELSO EMILIO FERREIRO	64.969,31	0,00	64.969,31	
	12.3280.0161.0	MELLORA E ACD. VIAL A SIONLLA DE ARRIBA E CRUCE N-550	56.796,87	0,00	56.796,87	
	12.3280.0162.0	MELLORA E ACD. VIAL MARZO DE ABAIXO A QUINTANS FASE I	100.388,91	0,00	100.388,91	
	12.3280.0163.0	MELLORA E ACD. GAVIAS EN 100 KM. ESTRADAS PRRQ. DO RURAL	179.830,66	0,00	179.830,66	
	12.3280.0164.0	MELLORA E ACD. VIAL REBORIDO-ROXOS A LIMITE CONCELLO	84.370,98	0,00	84.370,98	
	12.3280.0165.0	PRX. MELLORA E ACD. DO VIAL S. MARCOS	69.589,95	0,00	69.589,95	
	12.3280.0166.0	COMPRA MATERIAL PARA O C. SOCIOCULTURAL S. MARTA	44.655,05	0,00	44.655,05	
	SUBTOTAL			779.884,46	0,00	779.884,46
	TOTAL			779.884,46	0,00	779.884,46

(*) A cantidade solicitada polo Concello de Santiago de Compostela para o apartado D) de gasto corrente por importe de 216.820,48 €, queda pendente para a súa inclusión na vindeira 5ª fase do Plan

19.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO CENTRO SOCIAL DE MARROZOS” DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011, CO CÓDIGO: 11.2100.0212.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **"Acondicionamento do entorno do centro social de Marrozos"** do Concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan provincial de obras e servizos (POS) 2011, co código: 11.2100.0212.0, que implica un

incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo Concello de Santiago de Compostela, permanecendo invariables as achegas do Estado e da Deputación.

11.2100.0212.0 "Acondicionamento entorno centro social Marrozos" Concello de Santiago de Compostela			
Axentes cofinanciadores	Proxecto inicial (18% IVE)	Proxecto Reformado (18% IVE)	Diferenza (18% IVE)
Deputación f.p.	96.117,45	96.117,45	0,00
Estado	25.294,35	25.294,35	0,00
Concello	12.449,08	24.074,54	11.625,46
TOTAL	133.860,88	145.486,34	11.625,46"

20.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DA PISTA CRUCEIRO DE FRANCO-PONTE DE PARADELA" DO CONCELLO DE TEO INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 1/2012. CÓDIGO: 12.2101.0318.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.-Aprobar a modificación do proxecto da obra "Afirmado e acondicionamento da Pista Cruceiro de Francos-Ponte de Paradela" do Concello de Teo incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal adicional 1/2012, código: 12.2101.0318.0, cun orzamento de contrata de 109.129,48 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade, situación e obxecto da obra, si implica unha variación interna das súas partidas superior ao 30% do seu presuposto de execución material.

Código	Concello	Denominación	Financiamento co 21% de IVE		
			Deputación F. Propios	Concello	Orzamento Total
12.2101.0318.0	Teo	Afirmado e acondicionamento da Pista Cruceiro de Francos-Ponte de Paradela	89.226,62	19.902,86	109.129,48"

21.-INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE OS EXPEDIENTES DE FUSIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE OZA DOS RÍOS E CESURAS.

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Nós imos manter o noso posicionamento histórico e non temos nada que dicir do informe da Secretaría Xeral, que nos parece que é un informe que está ben xustificado no plano xurídico e que basea a súa posición favorable no historicismo, na historia da Deputación de buscar fórmulas de redución dos concellos da provincia. Pero ese informe de Secretaría tamén di que consta toda a documentación necesaria para os trámites, e aí é onde nós temos certa discrepancia por non entrar en como se deu todo o

proceso, que xa o discutimos nalgún outro Pleno, pero nós consideramos que deixa moito que desexar que se xustifique ou se motive a fusión dese concello co informe que se achega no expediente. Imos facer algunha referencia breve a ese informe que di, empeza dicindo, que por desgraza cada vez somos menos e máis vellos, podíamos dicir que cada vez temos menos colexios, menos hospitais, menos recursos sociais, podíamos dicir moitísimas cousas, dise iso, iso é unha realidade, evidentemente, pero esa realidade non vai cambiar coa fusión de Oza e Cesuras, e logo cousas tan rechamantes, cando fala do maior peso político e a capacidade de negociación, hai un parágrafo que di: "... Pero non soamente é importante o agregado poboacional, senón que o carácter pioneiro desta proposta voluntaria de fusión de municipios alcanzou unha repercusión autonómica nacional que axuda a establecer e a desenvolver unhas estreitas canles de cooperación con entidades e personalidades que noutro caso sería moi difícil conseguir". Ben, se estivésemos a falar do Fondo Monetario Internacional, o Banco Central Europeo, ou o Instituto Pasteur, se cadra era entendible, pero aquí ese parágrafo vén ilustrado con dúas personalidades, moi importantes, evidentemente, e moi honorables, como son o presidente da Deputación e o presidente da Xunta de Galicia, que teñen entre as súas obrigacións manter relacións con todos os concellos de Galicia e no caso do presidente da Deputación con todos os concellos da provincia. Sería francamente preocupante que para manter relacións normais con Oza ou con Cesuras tivesen que fusionarse, que senón non ían existir, por tanto, evidentemente isto non xustifica para nada, nin motiva esa fusión.

E logo, fanse valoracións tamén, cando menos, rechamantes. Dise que desde o punto da variable de poboación os novos concellos sitúanse dos 94 da provincia, nos postos 72 e 78. Coa fusión din que se colocarían no tramo medio superior dese ranking, cousa que é mentira, porque se di que se situarían no posto 49, no ranking medio inferior dese ranking. E logo, respecto do seu partido xudicial, nestes momentos ocupan o posto 8 e 10 e pasarían a ocupar o 7, tampouco se ve un gran avance na calidade desa fusión, e sitúanse, pon como referencia, preto de Abegondo e Miño, que tampouco, con todos os respectos para eses concellos, son o súpum dos servizos, da eficacia, de todas esas cuestións.

Por tanto, nós cremos que a fusión en principio non ten unha motivación clara, esa motivación non obedece a aspectos, sobre todo, técnicos. Cando reclamamos aquí o estudo económico-financeiro dos concellos da provincia, realmente reclamámolo para facer ese tipo de valoracións, porque nos gustaría coñecelo para ver se se avanza tanto cualitativamente con esta fusión, en todo caso estamos contentos de que por primeira vez se nos dá un informe asinado por un técnico, neste caso, da Deputación, respecto deste proceso, e non imos entrar nos que foron os Plenos, o que foi a documentación que foi aos Plenos, como se desenvolveu o pleno de agosto, etc., etc. En todo caso, nós o que si cremos é que a fusión non está motivada e por riba o informe do secretario tamén fai mención a iso, aquí vendéuselle á sociedade deses dous concellos que ía haber unha capitalidade compartida, que os Plenos ían ser un día nun sitio e outro día noutro sitio, e que o propio informe do secretario di que iso é imposible. E logo xa, por último, a nós éntannos moitísimas dúbidas, aí si que non concordamos plenamente co informe de Secretaría, que non haxa que cumprir as maiorías cualificadas que marca a

lei galega para este tipo de procesos. E outra cousa que tamén nos chama fundamente a atención é que aquí, durante varios Plenos, e seguramente imos continuar co rosario de convenios destinados a Oza e Cesuras fomentando esa fusión, a competencia para fomentar esa fusión, establecendo axudas económicas e técnicas e establecendo mesmo fondos especiais para fomentar a fusión voluntaria de concellos, corresponde á Xunta e non á Deputación. En todo caso, nós consideramos que a racionalización do gasto débese de facer desde outro punto de vista, tal e como o manifesta tamén a propia Federación Galega de Municipios e Provincias, que a fusión, sobre todo unhas fusións tan forzadas como esta, non son boas, e que en todo caso o que había é que profundar noutro tipo de iniciativas, de opcións, que son moito mellor cuantificables economicamente, como son o que nós xa reclamamos desde o principio neste mesmo salón de Plenos, como é a desaparición das administracións intermedias, como son as propias deputacións e profundar aínda máis na autonomía municipal, porque nós evidentemente defendemos a autonomía municipal.

A nós séguenos sementando moitas dúbidas este proceso de fusión, séguenos sementando moitas dúbidas como se procedeu a facela e dános a sensación de que é máis un pulso político de que é un estudo técnico serio e rigoroso o que anime a que finalmente se fusionen estes dous concellos.

(Entra no salón o Sr. Iglesias Castro).

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Xa tivemos ocasión de manifestar nun Pleno da Deputación a nosa opinión sobre a fusión dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras. Esta fusión, dicíamos, é froito da ocorrencia do presidente da Xunta de Galicia no último debate sobre o estado da autonomía, para non falar do que se tiña que falar e centrar o debate e a atención cidadá en falar do que non se tiña que falar, a fusión destes dous concellos. Non xorde esta fusión por iniciativa dos concellos, nin por iniciativa dos veciños, anúnciase sen que uns e outros tivesen coñecemento diso, carece esta fusión de lexitimidade democrática. Estamos a falar nin máis nin menos que da desaparición dun municipio, e isto faino unha Corporación que toma esta decisión cando foi elixida nunhas eleccións municipais cun programa electoral onde non se facía ningunha referencia a ningún tipo de fusión e, en consecuencia, os cidadáns que votaban a uns ou outros partidos ignoraban que o seu voto, entre outras cousas, serviría para deixalos sen Concello. O meu partido, o meu Grupo nesta Corporación sempre defendeu a necesidade de fortalecer aos concellos e dotalos de medios para poder prestar con eficacia e con eficiencia os servizos públicos que teñen encomendados. Sempre afirmamos como partido que estabamos abertos a estudar e a debater incluso unha posible modificación da planta municipal. Considérase necesario abordar un proceso de fusión de municipios para facelos máis eficientes, con máis e mellores servizos para os cidadáns?, expóñase, estúdesese, debátase, acórdese tamén coa sociedade e fagámolo, e fagámolo sabendo de onde partimos e sabendo onde queremos chegar. Este non é o caso desta fusión, unha fusión illada, que non resolve ningún problema, nin asegura nada mellor do que agora xa existe, é unha fusión imposta aos cidadáns por

unhas corporacións que non foron elixidas para iso, e sen coñecer a vontade dos seus propios veciños. Carece pois esta fusión de lexitimidade democrática, e carece tamén de lexitimidade xurídica, porque para darlle validez faise unha interpretación da lexislación que non se pode soste cun mínimo de seriedade. A lei é clara e taxativa, en varios artigos a Lei de réxime local de Galicia esixe o voto favorable das dúas terceiras partes dos concelleiros para este tipo de iniciativas, esta é a norma que regula e a norma vixente e que regula o número de votos necesarios para iniciar un proceso de fusión. Esta esixencia legal non se cumpre, por tanto, un dos acordos adoptados por unha corporación local non é válido e, en consecuencia, non podemos votar favorablemente este informe porque a tramitación do procedemento de fusión dos municipios de Oza e Cesuras non se axusta ao disposto na Lei de administración local de Galicia, que é a que regula este procedemento. Por tanto, o noso voto non pode ser máis que non, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

A verdade é que dá igual, dá igual o que puxese o informe que hoxe traemos a este Pleno, que previamente foi sometido aos servizos técnicos desta casa, podía ter ese informe os apartados que vostedes quixesen, o seu voto, o do BNG e o do Partido Socialista ía ser en contra, ía ser en contra porque desde o principio os que non querían que saíse esta iniciativa, con independencia, e sen pensar no benestar dos cidadáns eran vostedes, os do Bloque Nacionalista, e os do Partido Socialista. E a min preocúpame, primeiro, que se antepoñan como a calquera outro, os intereses partidistas por riba dos intereses dos cidadáns, pero sobre todo o que máis me preocupa é que aínda encima se xogue coa lexitimidade de determinadas decisións, e iso non llo permito, Sr. Moreda, iso é grave, porque nesta situación que estamos a atravesar, xogar coa lexitimidade de determinadas decisións, ou dicir que determinadas decisións non teñen lexitimidade democrática é un feito grave, si, é grave, por que?, porque vostedes que enchen a boca cando falan neste Pleno, de respectar a autonomía municipal, chegados a este punto un proceso de fusión voluntaria na que o propio secretario xeral do seu partido en sede parlamentaria dixo que se é voluntaria sempre se ían respectar, cando chega o caso concreto, non a respectan, pero non a respectan porque esa maioría tena o Partido Popular, se esa maioría a tivesen entre outros partidos como o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, entón esa maioría xa valía, pero como a maioría é do Partido Popular entón non é lexítima, e iso preocúpame, porque é unha falta importante de saber estar no momento e de aceptar os procesos electorais que hai en cada momento. Di vostede que as corporacións non foron elixidas para iso, home, só faltaría que unha corporación só puidese facer o que levase no seu programa municipal, vostede que é concelleiro desde hai moitos anos, e tivo oportunidade de gobernar, sabe ben de que lle falo, e os compañeiros que están aquí que son alcaldes ou concelleiros, tamén. Hai que tomar decisións e a lei tamén é clara, e falan vostedes da Lei de administración local de Galicia. Decía o portavoz do Bloque Nacionalista Galego que á Deputación non lle correspondía promover este tipo de iniciativas, pois non, na Lei de administración local de Galicia si que di que a Deputación pode iniciar este procedemento, neste caso non foi así, non o iniciou a Deputación, iniciárono os concellos, e o paso no que nos atopamos neste momento é que a Xunta de Galicia, que

é a que ten que levar a cabo no seu Consello da Xunta a aprobación definitiva desa fusión, ten que pedir varios informes a outras entidades, entre elas a Deputación da Coruña, e iso é o que hoxe se trata.

Pero mire, á Deputación correspóndelle levar a cabo, pode levar a cabo, ou pode axudar, ou pode incentivar que haxa procesos de fusión voluntaria, eu non creo nas fusiones obrigatorias, pero si nas voluntarias. Pero con independencia diso hai de fondo, e iso si que tamén é lexítimo, e non ía en ningún programa electoral, unha decisión política de apoiar a aqueles concellos que se fusionen. Vostede nun Pleno, nesta mesma cámara dixo que en Carballo se ía proceder a unha fusión, a ver se lles axudabamos, por suposto, ten a palabra deste presidente, xa llo dixen naquel momento e vólvollo dicir agora, a ver se vostede é capaz de atopar outro concello que voluntariamente se queira fusionar co seu, eu estaría encantado, xa llo adianto.

E dicía o portavoz do Partido Socialista que a Lei de administración local de Galicia recolle unha maioría cualificada, que é de dous terzos, e por tanto este proceso non vale. Sabe vostede que neste caso estamos nun caso concreto de inconstitucionalidade sobrevida, hai unha lei de rango superior, estatal, posterior á Lei de administración local de Galicia, que establece que a maioría é simple, pero eu non son experto en leis, xa llo digo, por iso confío nos informes xurídicos que fai, tanto o Servizo Xurídico da Deputación no seu momento a pedimento dos concellos, como o informe do secretario xeral desta Deputación neste punto da orde do día que hoxe traemos, seguramente vostede saberá máis ca min, seguramente, presentaron recursos, e recordo que nun Pleno desta mesma casa vostede dicía que iso non ía saír adiante, e asegurouno categoricamente. Claro, eu supoño que iso será o que motiva hoxe este voto en contra, de verdade, o que nos atopamos, estamos nun proceso de votar un informe que nos pide a Xunta de Galicia, que vai seguir adiante, que sabe vostede que loxicamente teñen a lexitimidade, faltaría máis, de poder presentar recursos como presentou o Partido Socialista, e espero que cando ese recurso se conteste, polo menos neste Pleno, pida vostede desculpas por dicir que non era así. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Nós non nos situamos en contra dos intereses dos veciños e veciñas de Oza e Cesuras, eu non sei onde están os datos que avalan que a sociedade que vive neses concellos vai gozar dunha mellor calidade de vida, de máis servizos, etc., etc., non sei, non os coñezo, e si vólvome referir ao informe do que lin algúns parágrafos, imos ver, eu creo que as cousas teñen que obedecer a certo rigor e a cuestións máis técnicas do que se cita aquí, isto de dicir que nun futuro Oza e Cesuras situarase como un municipio de máximo interese para o asentamento de actividades económicas, Oza e Cesuras non vai cambiar substancialmente a súa realidade, o que vai pasar aquí realmente é que vai perder calidade democrática, parte dos veciños de Oza e Cesuras, que quedarán as administracións máis lonxe do que teñen agora, e tampouco vai gañar gran cousa, á parte dos convenios que lle poidamos ir asinando aquí hoxe, e se cadra mañá xa non. Por tanto, a nós, que en principio non estamos contra a fusión de municipios, sempre que haxa un aval técnico, servizo por servizo, que xustifique que se

teñen que fusionar, e sempre que a poboación deses dous municipios teña a vontade clara de fusionarse, eu xa sei que non é preceptivo, por que non se promove un referendo?, que pasa neste país para que sexa tan difícil darlle a facilidade ou a opción de poder falar aos veciños e ás veciñas, cando se senten grandemente afectados por decisións políticas.

E despois por non falar de que, efectivamente, eu xa sei que o que vai no programa moitas veces é un brindado ao sol, o Goberno do Estado demostra todos os días, xustamente fai o contrario do que ía no seu programa, pero home, cando as forzas políticas se presentan a unhas eleccións, o seu programa en principio é un contrato, o resto é fraude. Evidentemente, se vostede ten o pleno convencemento, se a Xunta de Galicia ten o pleno convencemento, se os alcaldes de Oza e Cesuras teñen o pleno convencemento de que a sociedade deses dous concellos está disposta a fusionarse e entenden perfectamente que vai mellorar, que o diga a sociedade, non é tan difícil nin tan caro facer un referendo sobre ese asunto, se cadra fainos calar a boca, evidentemente, pero eu non o teño tan claro, Sr. Presidente, e non o teño tan claro porque o informe, xa digo, a min o informe, non vou cargar as tintas sobre el, pero paréceme pouco serio.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, non estamos a discutir aquí si ou non á fusión dos concellos, estamos a discutir se aprobamos ou non un informe, que é preceptivo, non sei se é vinculante, e eu terminei a miña intervención dicindo e, en consecuencia non podemos votar favorablemente este informe, porque a tramitación do procedemento de fusión dos municipios...etc., etc., etc. Eu considero que non é razoable que un equipo municipal se presente a unhas eleccións cun programa electoral onde non fale da fusión, e despois faga unha fusión, creo que a supresión dun Concello é algo que se debe de expor claramente aos cidadáns e que os cidadáns poidan opinar, e non estamos en contra de que haxa fusiones, queremos que se faga dunha forma ordenada sabendo onde imos, esta fusión non soluciona absolutamente nada, e se había dous problemas pequenos agora temos un problema un pouco máis pequeno pero igual, esa era a lexitimidade democrática. E o tema da lexitimidade xurídica está claro, a lei está clara, non fai falta ser experto en leis, a Lei de bases de réxime local fixaba dous terzos, e a Lei de bases de réxime local de Galicia fixou dous terzos. A Lei de bases fixa mínimos normativos, modificouse a Lei de bases do Estado e fixou maioría absoluta, ese é o mínimo normativo que teñen que reflectir todas as leis de bases de todas as comunidades autónomas de España, pero poden as comunidades autónomas esixir unha maioría máis cualificada, e a Xunta non modificou a lei, e a lei que rexe en Galicia é a Lei de bases de réxime local de Galicia, que esixe unha maioría de dous terzos cando a Lei do Estado figura a maioría absoluta, pero a lei do Estado é unha lei de bases, e iso é un mínimo, un mínimo que hai que respectar, pero que se pode incrementar, e isto non é unha opinión miña, aquí houbo un proceso, ou se falou dun proceso de fusión de dous concellos, en Lugo, en Alfoz e Valadouro, e a Asesoría Xurídica da Xunta emitiu un informe, e nese informe di que se proceda a unha inmediata modificación legislativa da norma galega para garantir a seguridade xurídica e evitar que calquera interpretación

- Nos casos de negociación do Acordo Negociado do Persoal Funcionario e do Convenio Colectivo do Persoal Laboral, salvo establecemento entre as partes dun mellor acordo de permisos retribuídos, e como acordo de mínimos xa pactado, para cada sección sindical adherida a este acordo, os representantes nas respectivas Comisións Negociadoras disporán para tales traballos e conversacións específicas, durante todo o tempo que duren esas negociacións, de ata 35 horas mensuais de dispensa voluntaria no traballo. Estas horas serán xestionadas por cada sección sindical como unha bolsa de créditos dispoñible e utilizable entre os seus membros e, preferiblemente, serán utilizadas con base a un esquema racional e estruturado de días fixos, que afecte así o menos posible no traballo e servizos, quedando reguladas para o demais segundo o xa establecido na resolución 2012/18.808 ou novo acordo negociado.
- No caso de que un representante dunha sección sindical adherida ao presente acordo, pola razón que fose, abandonase a dita sección, reducirase entón a correspondente bolsa global de créditos horarios da sección en 20 horas (das adicionais subministradas pola Deputación) e manterase o resto da situación dende ese momento ata o final dese ano natural, momento no que se revisará e actualizará a situación segundo a realidade de créditos de cada sección. O acordo busca que os cambios se revisen e produzan sempre de maneira anual.
- A Deputación garántelle ás seccións sindicais adheridas o presente acordo, para os seus representantes sindicais, delegados e para todos os traballadores que sexan dispensados de maneira completa, o aboamento dos mesmos dereitos económicos que teñan os traballadores das unidades ás que estean adscritos.
- Finalmente, tendo en conta que actualmente xa está en proceso de negociación o Convenio Colectivo do Persoal Laboral, que dende o 2012 se está a desenvolver un plan de emprego específico na área de Organización e Sistemas, que hai acordado empezar outro específico na área Tributaria, que recentemente se acordou entre as

Seccións Sindicais e a propia Deputación o desenvolvemento dun Plan de Emprego 2013-2015 e de obxectivos que abarcará a toda a entidade, e que tamén hai anunciada a próxima aprobación dunha lei específica relevante de ámbito nacional para a racionalización e sostibilidade da administración local, buscando que se proceda a racionalizar e unificar os calendarios de eleccións sindicais que afecten tanto ao persoal funcionario como o persoal laboral, de maneira que ambas eleccións poidan celebrarse simultaneamente, cada sección sindical adherida ao presente acordo comprométese a non promover as ditas eleccións ata o 2015.

28.-TOMA DE COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2012.

A Corporación toma coñecemento da aprobación da liquidación do presuposto e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria correspondente ao exercicio 2012.

29.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2012, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se proceda á publicación dun anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

30.-INFORME CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2012 DO CUMPRIMENTO POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) DO ARTIGO CATRO DA LEI 5/2012, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido polo auditor interno da FAEPAC no cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais e na aplicación do principio da transparencia. Xa que a FAEPAC está pendente da súa reclasificación polo Ministerio de Facenda como unidade dependente da Comunidade

Autónoma, polo que nestes intres haberá que continuar dándolle coñecemento deste informe á Deputación da Coruña.

Segundo: Que a Fundación está a publicar o informe na súa páxina de internet, dentro do seu apartado de información económica e contable para dar cumprimento do principio da transparencia.

Terceiro: Que se fixo a súa presentación telemática, cunha sinatura electrónica, na oficina virtual da Dirección Xeral de coordinación financeira coas Comunidades autónomas e coas entidades locais do Ministerio de Economía e Facenda.

Cuarto: Que de acordo co disposto nos artigos 17 e 20 dos Estatutos da FAEPAC, o seu presidente dará coñecemento deste informe ao Padroado na vindeira sesión que celebre se é anterior á da aprobación das contas anuais. Xa que a disposición adicional terceira da Lei 15/2010 establece que as Sociedades terán de publicar dun xeito expreso as informacións sobre prazos de pagos aos seus provedores na memoria das contas anuais. Esta previsión legal desenvólvese polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) mediante unha Resolución do 29 de decembro do 2010 (BOE número 318, do 31 de decembro) e na contestación dunha Consulta publicada no BOICAC número 84/2010.”

31.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DAS PONTES, RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN POR INFRACCIÓN DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación das seguintes competencias acordada polo Concello das Pontes:

- Recadación en período voluntario e en vía executiva do importe das sancións impostas por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- Xestión, inspección e recadación en período voluntario e en vía executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a prol das empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral, incluíndo o suposto especial de telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e da Comunidade Autónoma conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

32.-INFORME E PROPOSTA DE ACORDOS SOBRE A XESTIÓN PRESUPOSTARIA DO EXERCICIO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento da información que resulta do Expediente de Modificación de Créditos nº 3/2013, de Incorporación de Remanentes.

SEGUNDO: Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO: Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2013 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, agás circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO: Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

33.-PROPOSTA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria de Presidencia explicativa sobre a modificación da Ordenanza Xeral.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe de Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo de Intervención Xeral.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL: Modificación da letra s) do artigo 35; modificación dos parágrafos 4 e 5 do artigo 46 e engadir os parágrafos 6 e 7 ao artigo 46.

“Artigo 35.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

s) Aprobar a adxudicación de bens á administración, cando cumpra.

Artigo 46.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS DE PAGO

4.- Non obstante o anterior, non se esixirán garantías para as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pago das débedas tributarias e demais ingresos de dereito público recadadas por esta Deputación, cando o seu importe en conxunto non exceda de 18.000,00 euros e estean tanto en período voluntario como en período executivo de pago, sen prexuízo do mantemento, neste último caso, das trabas existentes sobre bens e dereitos do debedor no momento de presentación da solicitude.

Para os efectos de determinación da contía sinalada, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas a que se refire a propia solicitude como calquera outras do mesmo debedor para as que se solicitou e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, salvo que estean debidamente garantidas.

5.- As sancións tributarias que sexan obxecto de redución requirirán necesariamente garantía de aval ou seguro de crédito e caución para o seu aprazamento ou fraccionamento en período voluntario.

6.- As sancións de tráfico non serán aprazables nin fraccionables durante o prazo de pago voluntario con redución de importe.

7.- Criterios xerais de concesión:

- Serán aprazables ou fraccionables aquelas débedas de importe superior a 100,00 euros.
- A concesión do aprazamento ou fraccionamento outorgarase de forma automática para débedas de contía inferior a 18.000,00 euros, substituíndose a presentación de documentos xustificativos pola simple declaración responsable da existencia de dificultades económico-financeiras que impidan de forma transitoria efectuar o pago no prazo establecido.
- Como regra xeral, o prazo máximo de duración do aprazamento ou fraccionamento será de ata doce meses. No entanto, para débedas superiores a 3.000,00€, este prazo poderá ampliarse ata os vinte e catro meses.
- O número mínimo de fraccións será de dúas e o máximo de doce ou, no seu caso vinte e catro.
- O cargo en conta farase mensualmente, o día cinco de cada mes, polo importe da correspondente fracción.”

2º.-O acordo que respecto diso se adopte, exporase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.-Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra da modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

4º.-Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

34.-DAR CONTA DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2013 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E DOS INFORMES DO 1º, 2º E 3º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2012 A QUE SE REFIRE A LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

A Corporación toma coñecemento do seguinte:

“Primeiro: Dar conta da aprobación do orzamento para o exercicio 2013 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Segundo: Tomar coñecemento da copia dilixenciada respecto da toma de razón polo Pleno do Consorcio, dos informes correspondentes ao 1º, 2º e 3º trimestres de 2012, rendidos telematicamente en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

35.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DO DEPUTADO PROVINCIAL DON ALBINO VÁZQUEZ ALDREY.

Procédese a ratificar a inclusión deste punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade, e tamén por unanimidade apróbase a seguinte proposición:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito o 18 de febreiro de 2013, con entrada no rexistro o día 19 seguinte, a renuncia ao seu cargo de deputado polo deputado provincial don José Albino Vázquez Aldrey, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte co disposto nos artigos 8.4 do Regulamento orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don José Albino Vázquez Aldrey.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral”.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o mantemento do Centro de Orientación Familiar (COF) do Centro de Especialidades do Ventorrillo.

INTERVENCIÓNS

Sra. Seixas Naia

Bos días a todos e a todas, como todos os Sres. deputados e as Sras. deputadas saben ata o 31 de decembro do ano 2012 na área sanitaria da Coruña había dous centros de orientación familiar, o que coñecemos como COF, un dependente do SERGAS que está no centro de especialidades do Ventorrillo, e outro dependente dun convenio entre o Concello da Coruña e o SERGAS na rúa Tui en Orillamar. O da rúa Tui en Orillamar, concretamente, atendía a un número de mulleres, 90.834, dos concellos da Coruña, Oleiros, Sada, Cambre e Carral, mentres que o que está situado no centro de especialidades do Ventorrillo daba servizo a 61.674 mulleres, en idade fértil dos outros 32 concellos da área sanitaria da Coruña. Coa xubilación do xinecólogo do centro do Ventorrillo o SERGAS decide nun primeiro momento, e así o confirmou nestes días, que non vai substituílo definitivamente, e aproveita a conxuntura, porque isto tamén o indicou nunha resposta parlamentaria, para unificar o centro do Ventorrillo co centro de Orillamar, e mesmo a intención é trasladar esas competencias aos propios centros de saúde dos concellos afectados. Isto supón que o centro de Orillamar atendería unha poboación de máis de 150.000 mulleres en idade fértil, a Organización Mundial da Saúde recomenda que con este número de poboación, con esta poboación, serían mesmo insuficientes os dous centros, e tería que haber un centro máis. As prestacións e o traballo importantísimo destes centros gustárame destacalo tamén nesta sesión plenaria porque son o asesoramento anticonceptivo e a instauración deses métodos, as revisións específicas dos métodos anticonceptivos, anticoncepción de urxencia, atencións de efectos secundarios deses métodos, tramitación de cuestións relacionadas con abortos, exames de saúde psicolóxica, detección e diagnóstico do cancro precoz de cervix, etc., etc. por tanto creo que é un servizo que é necesario manter e se se puidese, mesmo, potencialo e darlle moitísimo máis persoal.

Gustárame por outra banda, tamén, destacar, se se me permite, aínda que non vén recollido expresamente na moción, o que xa comentaba hai un momento, que

non se están cumprindo as recomendacións en absoluto que fai a Organización Mundial da Saúde respecto do número de centros que debe de haber. E gustaríame tamén destacar isto porque hai concellos que están situados a máis de 100 quilómetros de distancia do Centro de Orientación Familiar do Ventorrillo, que tamén teñen que desprazarse ata alí. Por tanto, non estamos única e exclusivamente pedindo que se manteñan os dous centros que hai agora mesmo, nas mesmas circunstancias, senón que mesmo iríamos máis aló, e pediríamos, por suposto, que se abrise outro noutra zona da provincia da Coruña, polo de agora nada máis.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Eu non lle quero ocultar aos colegas desta Corporación, que o Grupo Socialista tiña pensado presentar unha moción similar a esta, porque afecta a 38 concellos da provincia, e creo que é un motivo suficiente para presentar unha moción aquí. O Bloque Nacionalista Galego presentouna o 5 de febreiro, o Pleno é o 22, e consideramos que non estamos aquí para competir, senón que cando alguén presenta algo que é razoable e sensato, e que coincide co que nós pensamos, o mellor é facela nosa, e apoiala. E eu espero que esta moción, non vou defendela, asumo o que dixo a compañeira deputada Silvia, espero que sexa aprobada, e eu confío en que sexa aprobada por unanimidade, por unha simple razón, pola razón da coherencia. Hai unha hora escasa aprobamos por unanimidade un manifesto, con motivo do Día Internacional da Muller, un manifesto no que se di que "...É un día para conmemorar o papel e a dignidade das mulleres no proceso de concienciación do seu valor humano, o camiño, o cambio, é unha responsabilidade de todos e todas, por iso é importante que as administracións públicas poñan en marcha e apoiem políticas públicas que xeren máis benestar social e garantan unha plena participación das mulleres...", etc., etc. etc. Estamos a falar de que con este peche do centro do Ventorrillo, está a pórse en risco a saúde das mulleres, a revisión xinecolóxica e a prevención do cancro de mama e de cérvix. Por tanto, se apoiamos por unanimidade hai un intre unha moción falando da dignidade das mulleres, e da necesidade de prestar servizos públicos para atender ás mulleres, o que non podemos é agora xustificar o peche dun servizo público que lle retira a atención sanitaria a mulleres en temas tan importantes como son os que estamos a falar. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

A verdade, dicía que eu creo que esta moción está presentada con certo alarmismo polas consecuencias que puidese causar ou non, neste caso, pór substituto a ese xinecólogo que se xubila. O primeiro que hai que dicir, e deixalo absolutamente claro é que a atención das mulleres de toda a área sanitaria integrada da Coruña está absolutamente garantida. O que si se está producindo non é en ningún caso un recorte do servizo, senón tentar prestar un servizo en mellores condicións a través dunha reorganización, precisamente, que inclúe o que se poida atender cos recursos e os profesionais que existen, dunha forma máis eficiente. Por iso, neste caso a xerencia da xestión integrada da Coruña, igual que outras xerencias noutros ámbitos, están a traballar cun equipo multidisciplinar, para que se fose necesario os cambios organizativos, que se puidese prestar o servizo dunha maneira máis óptima.

E dito iso, cales son os obxectivos que se perseguen?, pois o primeiro deles é precisamente mellorar a accesibilidade ao que é a consulta sobre anticoncepción, fundamentalmente, á poboación deses medios rurais tan afastados do que é este ou outros centros, aquí mesmo falábase de máis de 100 quilómetros de distancia entre moitos dos concellos que terían que ser asesorados ou consultados aquí na Coruña. Por tanto, o primeiro que se pretende con esa reorganización é que sexa máis universal a prestación do servizo, axudando á accesibilidade das mulleres a este. O segundo, tentar diminuír a variabilidade na prestación deste servizo, e con iso ten unha mellora asistencial asociada. Tamén traballar e mellorar a formación e os coñecementos específicos da globalidade dos profesionais que participan en todo o proceso asistencial, e dígoo porque eu creo que ao longo do que foi a exposición que aquí se expuxo, hai algún erro no que son as competencias do que debe ser a competencia en atención, é dicir, a que directamente se debía de prestar en atención primaria, ao que son as competencias que debe levar planificación, plans mesmo que aquí se dixeron que son competencia exclusiva, ou debía de selo, por razóns como antes dicía, de mellor asistencia do que son eses centros de saúde, ou atención de primeira necesidade.

Mellorar tamén a identificación da necesidade do inicio da anticoncepción, contribuíndo á diminución dos embarazos non desexados, e a mellora na información e orientación ás mulleres en idade fértil. E, por último, pretende esta reorganización ampliar as actividades grupais da educación sanitaria en anticoncepción a todos os centros de saúde no que se conte con matrona, de forma que se vería beneficiada a totalidade da poboación en idade fértil da área sanitaria da Coruña.

Por tanto, non hai en absoluto ningún tipo de recorte asistencial, vaise seguir prestando o que é esa asistencia de planificación, e o que si hai é un intento de que se preste en mellores condicións, de universalizar o servizo, de que poida chegar a máis mulleres, de que o teñan máis preto do que é a súa poboación, de que todos os dispositivos asistenciais estean mellor preparados sobre a planificación e, por tanto, como antes dicía, que se preste un servizo que non teña a variabilidade na prestación tan importante como a que agora ten.

Por tanto, nós non compartimos ese alarmismo, e iso non significa, volvo repetir, non significa que haxa ningún tipo de recorte, máis ben o contrario, o que se pretende é que a prestación sexa mellor mesmo da que se está prestando agora, porque non sempre son necesarios máis recursos económicos e si outro tipo de recursos como é pór en valor todos eses medios materiais e humanos que existen desde a atención primaria en relación con todo o dispositivo dos COF, así que esas son as razóns que leva ao noso Grupo a non poder aprobar a moción presentada polo Grupo Nacionalista. Nada máis.

Sra. Seixas Naia

A verdade é que dan arrepiós cando utilizan a palabra reorganización, porque fan vostedes sempre unha utilización perversa das palabras, é como cando o da externalización para impedir utilizar a palabra privatización. Trátase dun recorte, dun

recorte dun servizo, de non cubrir unha praza dun xinecólogo porque non lles dá a gana de cubrila, e trátase de recortar un servizo que presta moitas máis prestacións do que podería prestar un simple centro de saúde, trátase de traspasar a asistencia de sesenta e pico mil mulleres, máis de sesenta mil mulleres, a outro centro que por si xa está saturado, trátase de que alí atendan dous xinecólogos a 150.000 mulleres en idade fértil, e din vostedes que se trata de levar e de aproximar o servizo aos propios concellos a través dos centros de saúde. Se vostedes fosen máis polos centros de saúde públicos, que penso que moito non deben ir, porque se non, saberiano, non se están cubrindo nin sequera as vacacións dos médicos de familia, o que se fai neses centros non o vai poder asumir os centros de saúde dos concellos.

Nos últimos tres anos perdéronse na área sanitaria da Coruña 19 postos de médico de familia, 58 postos de enfermería, 5 de fisioterapeutas, 5 de traballadores sociais e 7 membros dos servizos xerais, en 3 anos na área sanitaria da Coruña, área sanitaria que precisamente atenden estes dous centros de orientación familiar, e dime vostede que eses servizos os poden dar os centros de saúde a través dos médicos de familia e das matronas. Eu convido os Sres. e Sras. deputadas do Partido Popular a que veñan ao centro de saúde ao que vou eu, ao meu de referencia, que é un punto de atención continuada en Arteixo, e que veñan alí a falar cos facultativos e que lles pregunten se os médicos de familia e a matrona que hai alí vai poder atender todo o que atendía este Centro de Orientación Familiar, única e exclusivamente pídolles iso, e pídolles tamén que falen cos traballadores e traballadoras que están nestes centros de orientación familiar e que lles pregunten a eles cal é o seu traballo, cales son as prestacións que están a dar, e se os centros de saúde dos concellos da provincia da Coruña, van poder atender o mesmo traballo que están a facer eles agora mesmo, porque eu penso que a resposta vai ser que non. Non pensen vostedes que preguntándolle a un xerente do Sergas, ou a un persoal directivo do Sergas, ou á propia conselleira de Sanidade van obter a resposta, baixen á rúa e pregúntenlle a eses facultativos, e a esas persoas que están a traballar, entón nese momento verán realmente cales son as propias necesidades que teñen.

E unha última cuestión, non son alarmista na moción, e creo que non somos alarmistas para nada na moción. A día de hoxe estanse derivando as consultas de urxencias, e as consultas que non son urxentes xa están cerradas as de marzo e abril, non se están dando, iso non é alarmismo, é un dato real extraído das propias traballadoras deses centros e dos propios usuarios e usuarias. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (8 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: 16 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

(Abandona o salón o Sr. Amor Barreiro).

-Moción do Grupo Provincial Socialista sobre a reforma da Lei de bases de réxime local prevista polo Goberno Central.

INTERVENCIONES

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Con posterioridade á presentación desta moción, o venres pasado o Consello de Ministros aprobou un anteproxecto de lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local. Este anteproxecto supón un ataque frontal ao mundo local, tanto ao referente aos servizos públicos que reciben os cidadáns como á propia autonomía local. Aínda que este anteproxecto ten un longo percorrido antes de volver á mesa do Consello de Ministros para que se aprobe como proxecto de lei, e se envíe ás Cortes Xerais para a súa tramitación, ten que pasar polo Consello de Estado e pola Comisión Nacional de Administración Local, e pode ser modificado, queremos expresar a nosa preocupación porque pode provocar a intervención e desaparición de feito do 84% dos concellos españois. Queremos expresar tamén a nosa preocupación porque este anteproxecto apróbase e elabórase sen ter en conta a opinión dos concellos, e está a provocar un serio descontento en todos, sexan grandes ou pequenos, urbanos ou rurais, do interior ou costeiros, independentemente da cor política dos seus gobernos. O que pretende esta moción é algo moi sinxelo, trasladar ao Goberno de España a necesidade de escoitar aos municipios a través das súas organizacións representativas e por iso propomos: Instar o Goberno central, ao Goberno de España, para que calquera texto de reforma da Lei de bases de réxime local sexa elaborado co consenso da Federación Española de Municipios y Provincias e se teñan en conta as propostas realizadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias en todo o referido á especificidade de Galicia. E segundo, trasladar o citado acordo tanto ao Goberno de España como á FEMP e á FEGAMP.

Sr. Muíños Sánchez

Desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción, si que queríamos facer unha pequena reflexión. Como noutras leis ás que xa nos vén afacendo o Goberno de Madrid, este anteproxecto de reforma da Lei de bases agocha unha gran carga de profundidade ideolóxica, nos títulos toca unha melodía de reforma cando o que realmente se agocha detrás é unha nova recentralización encuberta, e unha privatización de servizos, o trasfondo real é ese e acomete, evidentemente, contra a tradición municipalista e convértenos aos concellos en oficinas contables, meras antenas do poder central.

De entrada xa é evidente que hai unha falta de consenso que preside o proceso de xestión deste anteproxecto, un consenso que ademais debería ser o normal, o lóxico, e o que se dá en moitos países democráticos cando unha lei debe ter vocación de perdurar e de continuar máis aló do goberno que haxa de quenda, para o ensino, para a sanidade, para a reforma da administración, debería haber ese consenso, para todo aquilo que é realmente importante e de calado. Teño que dicir tamén para engadir a isto, que deixa fóra a entidades como a FEGAMP, ou á propia Federación Española de Municipios e Provincias, a FEGAMP que mesmo emite tamén un acordo onde rexeita en conxunto este proxecto.

Unha das medidas que aparece tamén aquí dentro deste anteproxecto de reforma é o reforzo inesperado das deputacións provinciais, que probablemente co Senado sexa a administración máis prescindible, por canto moitas das súas prestacións e competencias poderían ser perfectamente absorbidas pola

Administración autonómica ou mesmo directamente polos propios concellos. Son ademais tamén as máis afastadas e máis opacas. Con todo, dálle un papel á Deputación que ademais vemos por onde vén, é a chave ideolóxica que preside todo este proceso, que é, basicamente, continuar desmantelando os servizos públicos municipais e establecer concursos e que acaben en mans privadas moitos destes servizos que agora queren retirar dos concellos.

Esperemos que ao longo deste proceso, que esperemos que sexa longo, vaia mellorando substancialmente a lei, pero hai algunhas cousas que xa de entrada non aparecen, por exemplo, non aparece ningún tipo de medidas que falen do financiamento real dos servizos dos concellos, que falen realmente das prestacións que desde a Lei de bases xa temos e que non se está avanzando no camiño. Estamos neste momento ademais buscando desde os concellos a vida para resolver problemas que desde Madrid están a desmantelar, cando falamos de políticas de emprego, cando falamos de políticas asistenciais, políticas de vivenda, deportivas, educativas, din que non funcionan eficazmente os servizos, evidentemente, se non se fornece financiamento para eles, é moi difícil que calquera concello poida establecer ou chegar a eses estándares de calidade que avanzan nesta lei.

Eu quería tamén terminar dicindo un apuntamento necesario, por se é necesario lembrar que a crise actual non foi pola débeda dos concellos. A débeda dos concellos é moitísimo menor á débeda do Estado, que non se toca unha reforma do Estado, a débeda dos concellos é moitísimo menor que a débeda da banca privada e continúan así funcionando. Como dicía un pequeno manual que circula por aí ao redor de toda esta crise, aquí non estamos a falar de economía, non estamos a falar de aforro, senón do que estamos a falar realmente é de ideoloxía. Grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, a min cada vez que interveño neste ente provincial, o corpo pídeme o boísimoo, e pídeme ser sempre positivo, e creo que a proposta que fai o Grupo Socialista vai en positivo, por iso non tentarei rebater as explicacións que deu o Grupo Nacionalista, que por outra banda non só non me convencen, senón que habería que ver a que se lle chama centralismo e onde estarían os poderes centrais aquí en Galicia. Dito isto, é evidente que creo que a reforma non ten nada que ver co papel que poida representar as administracións locais na débeda que teñan as administracións públicas, que se mal non lembro as administracións locais supoñen preto do 3% do total. Por tanto, eu creo que a intención de calquera tipo de reforma que leve a cabo na Administración local e noutros entes locais, ten que ver cunha norma que leva xa desde o ano 85, con algunha reforma, e unha norma que non evita duplicidades, que non evita que se estean prestando servizos de forma indebida, que se estean prestando servizos por diversas administracións e, por tanto, outra vez máis, ten que ver coa calidade de prestación deses servizos que queden dunha vez por todas claras as competencias municipais.

Dito iso, e dito que supoño que todos os grupos estamos de acordo en que debe de producirse unha reforma das administracións locais, eu creo que todos os que estamos aquí somos crentes, ferventemente crentes do que é a autonomía local, de que non somos unha administración menor, de que non debemos ser unha administración tutelada, de que somos unha administración que sabe prestar os

servizos e préstaos tamén da mellor forma posible aos seus cidadáns, e por tanto somos os primeiros que queremos que a reforma se faga en condicións.

Dito iso, houbo xa algún texto, algún borrador, que foi modificado precisamente por achegas da FEGAMP, o que implica o ánimo do Goberno, entendo eu, a tentar chegar a acordos, e agora estamos nun seguinte proceso. Aquí falouse de anteproxecto, podíase dicir documento, podíase dicir informe, podíase dicir borrador, porque está claro que o que se pretende é que teña agora diversos informes antes de chegar ao que é o Consello de Ministros e antes de chegar ao que serían as Cortes Xerais. Ese é o ánimo que creo que ten o Goberno, e é o ánimo que temos todas as administracións locais de que calquera tipo de acordo se leve a cabo coa opinión tamén e co consenso dos que deben ser os receptores únicos desas competencias, como somos os concellos ou somos as deputacións.

E imos votar a favor porque a súa proposta recolle, nin máis nin menos, o que a FEGAMP aprobou por maioría, e saben que a maioría desa maioría é precisamente Popular, e si cremos que nun órgano tan importante de defensa dos nosos intereses ten que elevarse clara a voz do municipalismo canto á nosa participación nesta reforma, tamén o cremos nesta sede provincial. Por iso, creo que calquera tipo de reforma ten que contar ademais cos máximos especialistas en aplicar esas competencias, que somos os que temos que sufrir día a día cos problemas dos cidadáns, e que estamos máis preto de todos eles, e por tanto os primeiros que desexamos que se prestixien as institucións locais, que se prestixien aos homes e mulleres que prestan os seus servizos a esas administracións locais e por iso imos votar a favor para que o Goberno teña en conta sempre a opinión de todos aqueles que formamos as entidades locais.

Por unanimidade dos presentes, apróbase a seguinte moción:

“O GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, con base no disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN SOBRE A REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL PREVISTA POLO GOBERNO CENTRAL**, con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes últimos meses o Goberno central está a debater a reforma de Lei de bases de réxime local. A reforma, tal e como está prevista polo goberno de Rajoy, é un ataque directo ao municipalismo, que é en quen reside e debe residir o poder local, por ser a administración máis próxima aos cidadáns.

A citada proposta de reforma xustifícase a prol da sostibilidade económica, cando é radicalmente falso que os concellos sexan os culpables do déficit público, e moi especialmente os concellos de menos de 20.000 habitantes.

O citado proxecto de reforma alude aos beneficios da economía de escala e, consecuentemente, traslada a responsabilidade última da prestación de servizos ás deputacións, cando o certo é que nos concellos todos somos conscientes de que é

IMPOSIBLE que as deputacións poidan prestar os servizos coa calidade coa que os prestan os concellos galegos en xeral. Ademais, o problema para determinar a calidade dos servizos que prestamos os concellos está baseado nunha cuestión na que non entra o argumentario no que se basea o Goberno central: o FINANCIAMENTO e a DISTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS. Este é o verdadeiro cabalo de batalla sobre o que hai que incidir. Non se trata de quitar ou poñer unha determinada competencia, trátase de estudar canto custa o seu financiamento e quen debe asumilo.

É imprescindible ter en conta a casuística galega de distribución e dispersión dos concellos e, sobre todo a cantidade de núcleos de poboación que ten cada concello en Galicia, que en moitos casos supera o centenar. Estas peculiaridades fan aos concellos galegos completamente diferentes aos do resto do Estado, nos que a perda de servizos e de concelleiros farían que os veciños perderan o único vínculo que teñen para reclamar solucións aos seus problemas sen que afecte ao aforro pretendido, xa que eses concelleiros que se pretende que desaparezan non cobran ou, no caso de cobrar, trátase de cantidades ridículas por asistencia a plenos que se celebran cada varios meses.

Para máis abundamento de que este argumento non ten ningunha lóxica, no propio documento de Reforma da Lei de bases de réxime local, na Disposición adicional 9ª, especifícase que o número de asesores non poderá superar ao número de concelleiros. A conclusión é que se pretende eliminar a concelleiros que xeralmente non cobran e permítese manter un cota de asesores que si cobrarían, polo que a argumentación de aforro económico termina sendo falaz.

En resumo, estamos a falar dun proxecto de reforma feito sen contar cos concellos, e ás costas dos representantes dos concellos tanto na FEGAMP como na FEMP e, polo tanto, para evitar este dano irreparable aos municipios, é polo que o Grupo Provincial Socialista somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO.-Instar ao Goberno central para que calquera texto de reforma de Lei de bases de réxime local sexa elaborado co consenso da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e se teñan en conta a propostas realizadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en todo o referido á especificidade de Galicia.

SEGUNDO.-Trasladar o citado acordo tanto ao Goberno de España como á FEMP e a FEGAMP.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

No Concello de Cabana de Bergantiños está a promoverse, ou se está tentando establecer unha explotación mineira, unha explotación de ouro, o tipo de explotación é minería ao descuberto con cianuro, á parte das consideracións ambientais, que o BNG xa avanza que está radicalmente en contra dese tipo de

explotacións, hai outras consideracións que creo que se deben facer, e que mesmo poden afectar a intereses provinciais. Na zona hai patrimonio cultural, patrimonio histórico, estradas provinciais, a pregunta vai neste sentido, se a Deputación presentou alegacións ao estudo de impacto ambiental, se está a considerar ou se está interesando por esta explotación, se valorou tamén como vai influír no seu destino turístico no que o Sr. Presidente ademais persoalmente ten certa importancia nel, por tanto, algo que está a suscitar moita polémica social, que está a suscitar tamén un amplo debate no Parlamento de Galicia, queremos saber se a Deputación está a facer algunha xestión en relación con esta explotación mineira.

Sr. Presidente

Pero en que quedamos?, centrámonos nas competencias que temos ou non nos centramos?, dígoo porque sabe vostede – permítame que lle conteste, despois se quere pode volver preguntar, sabe vostede que cando hai calquera tipo de permiso que afecta, ou calquera tipo de actividade que afecta a unha estrada provincial, remítese por parte da administración, que é a concesionaria, ou que ten que dar o permiso, un informe á Deputación para que fale diso, entón non se preocupe que se algunha estrada da Deputación queda afectada, os técnicos da Deputación farán o correspondente informe que teñan que facer. E o dolmen de Dombate, o patrimonio que temos, supoño que non estará afectado pola mina. E con respecto ao turismo, sabe vostede que dentro da RETI, é un punto dos que hoxe levamos, o turismo industrial é algo que podemos potenciar en toda a provincia, eu espero que se esa explotación finalmente se leva a cabo será porque terá todos os permisos correspondentes, senón non se levará a cabo, supoño, presupomos, por tanto, non se preocupe que se se leva a cabo é porque ten todos os permisos, e aí estaremos todos despois tentando quitarlle o máximo partido.

Sr. Regueira Varela

Vai haber algún tipo de alegacións?, sabe cal vai ser a repercusión que poida ter esa explotación en infraestruturas propiedade da Deputación?, xa non digo máis, seguramente teremos que discutir nunha moción se isto afecta ao interese provincial ou non, porque estamos a falar dunha práctica de explotación con cianuro, e ao final as industrias contaminantes non só afectan onde están instaladas.

Sr. Presidente

Moi ben, pois cando se poñan nos correspondentes permisos en contacto coa Deputación, faranse os correspondentes informes.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.